

# CUESTIÓN DE IGUALDADE=CUESTIÓN DE EDUCACIÓN

Manuel Guerra Fernández

*Inspector de Educación, Xunta de Galicia*

## 1.-INTRODUCCIÓN. CUESTIÓN PREVIAS

A cuestión de igualdade no ámbito do xénero (masculino e feminino) é basicamente unha cuestión educativa, xa que nos estamos a referir a: categorías socioculturais, categorías construídas socialmente, relacións desiguais, cuestións que se aprenden e desaprenden, varía de sociedade a sociedade e de cultura a cultura, polo que interveñen tamén factores diferenciados dos sistemas educativos e asemade, pode cambiar. Polo tanto, non estamos a falar de sexo (femia-macho) onde se trata de de categorías, biolóxicas e naturais, diferenzas fisiolóxicas, coas que se nace, son universais e non cambia. << <https://es.slideshare.net/YolandaRamirezV/gnero-y-educacin-por-yolanda-ramrez>>>

É unha cuestión de educación, porque o xénero se aprende a través dun proceso de socialización e a través da cultura, e pola súa vez, é un proceso de educación que empeza na familia, na casa, pero que continúa na comunidade e se reforza cada día na escola, nos lugares de lecer, ou nos que interactuamos, etc. Todos e todas nos din como debemos ser e como debemos comportarnos polo mero feito de ser homes ou por ser mulleres..., e sempre se nos está marcando as diferenzas que corresponden ao masculino e ao feminino.

Considerando que os elementos que contribúen a construír as características do feminino e o masculino, son basicamente os roles na súa vertente da división social do traballo, os atributos –en tanto que características psicolóxicas e de comportamento- os tipos de traballo –produtivo, reprodutivo, xestión comunal, etc-; podemos afirmar que é claramente unha cuestión de intervención educativa na procura dunha igualdade para minorar as desigualdades que os citados elementos promoven.

A cuestión da igualdade é igual ou equivalente a unha cuestión de educación, en tanto que ao referirnos ao concepto de xénero, como un elemento constitutivo das relacións que configura de maneira simbólica e concreta un sistema xerarquizado de poder, baseado en relacións desiguais entre os sexos a partires das características social e culturalmente atribuídas a homes e mulleres e que si ben compete a todos os ámbitos da sociedade –familia, traballo, política, identidade, cultura, relixión, etc-, onde realmente

se poden mudar desde unha visión crítica, as ditas características culturalmente atribuídas é nos espazos educativos (na escola) e desde unha perspectiva educadora para tal fin.

Si o xénero é un principio de diferenciación semellante á clase, que opera na estrutura económica da sociedade, segrega e sustenta as diferenzas a diversos niveis entre homes e mulleres, é un principio da diferenciación do estatus, condiciona oportunidades desiguais de emprego, promoción, etc, e pola súa vez, se constitúe nun principio organizativo de división do traballo entre traballo produtivo e reprodutivo, son ineludiblemente cuestións e dimensións que necesariamente deben ser abordadas desde o ámbito do ensino, da educación e nas institucións escolares, aspecto este que xustifica a ecuación “Cuestión de Igualdade = Cuestión de Educación”.

Cómpre ter en conta que as aulas son tan diversas como o é a sociedade; con todo, ás veces a diversidade, como é o caso da afectivo-sexual, aínda non se visibiliza nin se respecta, senón que se rexeita por contravir “o correcto” e “o normal”. De aí a importancia de traballar esa diversidade desde o sistema educativo, como algo positivo.

É preciso polo tanto, prestar atención ao proceso de convivencia nos centros educativos para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das nenas e dos nenos (alumnos e alumnas) e favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

O compromiso coa igualdade de oportunidades e de xénero, por parte dos centros educativos en todos os niveis/etapas, é absolutamente imprescindible, si realmente queremos promover a construción dun novo modelo formativo capaz de abranguer por igual o feminino e o masculino. Deste xeito, o camiño para avanzar cara á igualdade é a educación e o respecto, a liberdade e a igualdade en tanto que son tres dos piares básicos que desde as aulas e os diferentes espazos e ámbitos de ensino-aprendizaxe dos centros, podemos e debemos, ensinarlles aos alumnos e alumnas, de cara ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuízos e estereotipos.

O obxectivo principal é que a actividade educativa estea dirixida de xeito transversal a contribuír á construción dunha sociedade na que a igualdade real de xénero sexa unha realidade mediante a eliminación de todo tipo de discriminación por este motivo, afondando na educación entre persoas iguais con independencia do seu sexo e integrando o respecto á diversidade afectiva e sexual.

Resulta de especial importancia a colaboración e o apoio dos departamentos de orientación dos centros educativos xunto co resto do profesorado, como recurso necesario para a inclusión e para a mellora da intervención educativa en termos de igualdade, por ter entre as súas funcións asesorar e poñer á disposición de cada comunidade educativa aqueles medios ou recursos necesarios para a atención á diversidade. Ademais, tamén constitúen un recurso clave de apoio ao alumnado por prestar atención aos momentos de transición académica ou ao mundo laboral, guiándoo e asesorándoo nos distintos itinerarios formativos, na elección de materias, así como nas competencias para a empregabilidade, constituíndo un elemento esencial nas políticas educativas e de emprego, orientando ao alumnado na xestión da súa aprendizaxe e na súa traxectoria individual.

Sendo a educación unha das canles con máis importancia para a transmisión de valores, preténdese que mediante esa vía se leve a cabo unha verdadeira transformación social, na que o xénero non sexa un motivo de discriminación e facendo especial fincapé no grave problema social da violencia de xénero, que como forma extrema de desigualdade, require ser tratado dende o ámbito educativo coa finalidade de que se difunda, dende os primeiros anos de escolarización, unha educación que promova o respecto e a igualdade co obxectivo de que esa lacra social poida algún día desaparecer da nosa sociedade.

Pola súa vez, debemos incluír e considerar no plan de igualdade do centro, a integración e a normalización da diversidade afectiva e sexual, xa que ningunha persoa debe sufrir ningún tipo de discriminación no ámbito educativo polas súas opcións. Neste sentido, débese potenciar unha educación tolerante e integradora que non imponha un modelo uniforme de sexualidade como predominante.

Tamén se fai moi necesario no ámbito educativo, que se constrúa unha reflexión global importante sobre que se ensina, como se ensina e o tipo de sociedade á que nos diriximos en cada momento, xa que na escola é posible contribuír aos procesos de socialización do alumnado evitando estereotipos sexistas e polo tanto, favorecendo que a sociedade do futuro sexa máis igualitaria.

Outro aspecto clave é procurar formación en igualdade e a reflexión entre o profesorado do centro e/ou dunha contorna determinada sobre a transmisión de estereotipos de xénero no ámbito escolar e favorecer a toma de conciencia das demais persoas que integran a comunidade educativa para reverter toda situación discriminatoria que poida

ter lugar neste ámbito e mesmo a ser posible, de forma coordinada nunha determinada zona educativa.

Inclusive, no ámbito específico da formación profesional, -no que en ocasións mesmo da a impresión de que non é unha etapa preferente para traballar cuestións de igualdade de xénero ou cando menos, se nos presenta como que non é un factor estratéxico á hora de definir os proxectos, planificación e a programación de cada ano académico e ou ciclo formativo-, se debe ter en conta tamén que precisamente, a transmisión dende a educación na referida etapa, duns valores sociais e culturais tradicionais nos que se outorgan determinadas cualidades e expectativas como “propias” de cada sexo, e asociadas á condición de ser muller ou ser home, segue sendo determinante na elección académica que as rapazas e os rapaces realizan, o que orixina unha división do traballo sexuada que é preciso revertir.

En definitiva, desde cada centro educativo e/ou espazo formativo, e tamén noutras etapas postobrigatorias, débese facer un especial énfase na necesidade de camiñar cara á corresponsabilidade en todos os ámbitos, si ben con estratexias diferentes, de tal xeito, que se modifiquen os patróns de conduta adquiridos pola tradición familiar e social que crearon etiquetas para as distintas tarefas en función do sexo.

## **2.-O ENFOQUE DE XÉNERO E A TAREFA EDUCATIVA**

Na actualidade está bastante claro que o enfoque de xénero e a tarefa educativa a prol da igualdade e da equidade, debe facerse desde a transversalidade, pero pola súa vez, como se nos advirte en << <https://es.slideshare.net/YolandaRamirezV/gnero-y-educacin-por-yolanda-ramrez>>>, o que non debe ocorrer no enfoque da referida transvesalización é seguinte:

- *Dirixirse só ás mulleres.*
- *Optimizar as posibilidades de acceso e mellorar as estatísticas (brechas de xénero).*
- *Producir somentes declaracións ben formuladas.*
- *Emitir acusacións fronte ás desigualdades vixentes.*
- *Asignar os roles activos somentes a mulleres.*
- *Que sexan somentes as mulleres as que saquen proveito.*
- *Deter ou remplazar plans políticos ou proxectos relacionados xa sexa con mulleres ou con homes.*

A equidade e a igualdade son sempre unha cuestión que compete á educación, polo que os valores de xustiza con base no recoñecemento da diferenza ou considerar, valorar e atender intereses e necesidades específicas de mulleres e homes, en tanto que perspectiva da equidade, e pola outra, os dereitos e oportunidades, xunto coa liberdade para desenvolver habilidades persoais e elixir, en tanto que igualdade, deben presidir todo principio ou acto da educación e das institucións do ensino, motivo este polo que a referida ecuación que se formula no título deste traballo, queda así xustificada.

Os estereotipos de xénero e as relacións entre os sexos, que son como é ben sabido, xerárquicas, se reproducen nos procesos educativos, tanto dentro como fóra dos centros de ensino, pero alí se desenvolven aínda máis e se afianzan as identidades en relación co xénero, motivo polo que o ámbito de intervención máis decisivo debe ser o educativo na procura de eliminar ou cando menos tratar de minimizar os referidos estereotipos e en consecuencia, os factores que promoven e perpetúan a desigualdade. Fixémonos a modo de exemplo, cando o alumnado pregunta a unha mestra: Señora mestra: como se forma o feminino? E esta lle responde: partindo do masculino: *a “O final” se substitúe pola “A”*. Pero cando o alumnado pregunta a mestra: *¿E o masculino como se pode formar?. O masculino non se forma; existe.*

O contorno e ámbito escolar constitúen un como factor determinante na busca dun equilibrio entre ambos sexos e así se pon de manifesto, por García Perales, R.: “La educación desde la perspectiva de género”, en *Ensayos, Revista de la Facultad de Educación de Albacete*, Nº 27, 2012. (Enlace web:

<http://revistas.uclm.es/index.php/ensayos> □ Consultada en data (27/10/2017). Neste senso, o fomento e desenvolvemento de medidas e actuacións na procura dunha igualdade de oportunidades real/efectiva é xeralizable e extrapolable a todos os ámbitos da vida en que se desenvolven as persoas.

García Perales, R tamén nos pon de manifesto, que é importante considerar a influencia (mesmo oculta) que exercen os materiais didácticos, os procesos de comunicación a través da linguaxe audiovisual. En consecuencia, desde a óptica educativa deberían ser debidamente analizadas e avaliadas determinadas percepcións das actitudes sexistas e que se transmiten de forma inconsciente para incitar á reflexión persoal e a toma de decisións na liña das prácticas sociais máis equitativas.

Si partimos de que a educación e a propia tarefa de educar deben ser consideradas como a de maior trascendencia e impacto na sociedade, podemos inferir que entón está obrigada a ofrecer unha formación integral, libre e responsable, apta como preparación

real para a vida diaria, e que poida dar resposta ás necesidades dunha sociedade en continuo desenvolvemento. Pola súa vez, si a educación está realmente presidida polo principio da equidade, entón as estratexias compensadoras, tamén terían que ser reforzadas para lograr unha maior igualdade e o desenvolvemento pleno e integral do alumnado, sen renunciar á calidade educativa. O citado principio así garantido nun sistema educativo que fomente a escola inclusiva debería tamén contribuír a facer efectiva a igualdade.

Convén non perder de vista que o nivel de igualdade que se propón como cuestión de educación, trascende á cuestión da paridade, xa que ter as mesmas proporcións en diferentes datos e variables do sistema educativo non é o mesmo que ter alumnado participando nas mesmas vantaxes, tanto en termos de acceso como o propio tratamento educacional, considerando sempre, a igualdade de oportunidades de maneira permanente e no máis amplo sentido desta expresión.

É xa ben coñecido que a forma e alcance da escola mixta ou da formación igualitaria, non resolve a situación de forma satisfactoria e polo tanto, temos que recorrer á Coeducación, mesmo desde unha perspectiva actual ou cando menos, evolucionada. En todo caso, debemos considerar a priori, que as experiencias coeducadoras deben superar os aspectos coñecidos como igualdades formais universais de xeito que a tarefa do profesorado pase por desenvolver activamente accións estratéxicas, efectivas de cara interiorizar que se fai necesario desterrar definitivamente os estereotipos, prexuízos aínda existentes e ofrecer modelos de conduta críticos coas accións que vaian en contra desta liña ou que contribúen a perpetuar os referidos estereotipos, etc. A clave, polo tanto, pode ser a de traballar a educación emocional, que por certo, se insiste na actualidade a todo os niveis de formación, tanto no que atinxe ao desenvolvemento persoal como no relativo á mellora de factores de empregabilidade, etc, pero que o sistema educativo, tampouco pode renunciar a traballar esta competencia.

Unha cuestión relevante que atinxe ao ámbito educativo, é a necesaria a coordinación do profesorado, tanto a nivel de centro como intercentros, etc, tendo como referencia un plan de acción en materia de igualdade viable, actualizado e con clara vocación de mellora continua, xunto coa cooperación a diferentes niveis e mesmo, con outros contornos educativos, aplicando programas específicos dirixidos a fomentar o coñecemento e a difusión do principio da coeducación e a igualdade efectiva entre os membros das comunidades educativas e mesmo, enmarcada nunha escola inclusiva e que potencia a atención á diversidade debidamente entendida e xestionada.

Hai multitude de autorías, exemplos e mesmo persoas expertas en igualdade de xénero, que nos suxiren basicamente dúas accións a considerar, entre outras tamén posibles e/ou necesarias: *1.-Establecer medidas e actividades educativas destinadas ao recoñecemento e ensinanza do papel das mulleres na Historia. 2.-Prestar unha especial atención do alumnado de maneira equitativa e equilibrada nas diferentes accións e intervencións educativas, para ambos sexos por igual.*

En consecuencia co anterior, podemos considerar que hai unha serie de obxectivos que xustifican a cuestión de igualdade = a cuestión de educación, que pola súa vez, conforman o que deben representar as prácticas coeducadoras, como por exemplo as que se insiren de seguido:

1. Formular conxuntamente propostas comúns a diferentes colectivos da comunidade educativa, en particular entre pais/nais, profesorado e persoal non docente, e alumnado diverso que tamén pode facer aportacións na medida das súas posibilidades.
2. Desenvolver os procesos de ensino-aprendizaxe pero tamén os de avaliación do alumnado, de maneira non sexista e considerando sempre a perspectiva de xénero, procurando asesoramento pero tamén certa observación externa que valore con certa distancia e obxectividade as actuacións levadas a cabo polo profesorado a nivel individual pero tamén dos diferentes equipos docentes.
3. Levar a cabo actividades no Plan de Acción Titorial (PAT) centradas en contidos de igualdade de oportunidades e dereitos entre os sexos, educación para unha cidadanía responsable, desde a afectividade, a cooperación, resolución de conflitos, paz, etc.
4. Establecer unha rede de colaboración desde coordinación dos departamentos de orientación dos centros, creando marcos equivalentes ao que se coñece como escolas de pais/nais onde se implique tamén ao profesorado e aos equipos directivos dos centros, etc.
5. Planificar e desenvolver talleres específicos nos que se poñan en marcha accións e tarefas das diferentes labores do fogar/tarefas domésticas e das profesións na procura da súa revalorización e como oportunidades de aprendizaxe para a vida e a mellora dos factores de igualdade. De ser o caso, mesmo apoiarse en alianzas externas ao centro con paneis de expertos, en cuestións e momentos puntuais.
6. Promover estratexias de cara un maior equilibrio nas diferentes participacións e postos de responsabilidade en cada centro educativo, mesmo aplicando

discriminacións positivas que estean debidamente xustificadas. Traballar tamén na procura de buscar tamén o máximo equilibrio nas diferentes participacións do alumnado.

7. Desenvolver a utilización conxunta de xoguetes desde idades temperás pero xa especialmente no ámbito educativo, o relativo aos espazos de lecer, xogos/actividades deportivas, etc. Neste senso, a materia de Educación Física é un factor extratético e un ámbito que debe ter un importante protagonismo.
8. Concretar un observatorio de desenvolvemento e avaliación do impacto nos programas da utilización da perspectivas de xénero, a nivel de cada centro pero tamén de ámbitos superiores como pode ser toda a zona educativa dun Concello, Comarca, etc, coa finalidade de detectar e canalizar as actitudes, en todos os ámbitos, contrarias á igualdade efectiva entre homes e mulleres, pero afrontada desde unha perspectiva educadora e reeducadora.
9. Acotar o marco legal que recolla na práctica, as medidas máis relevantes que se deberían adoptar para evitar as desigualdades por razón de sexo.
10. Desenvolver de forma equilibrada cada unha das competencias clave que establecen a LOE/LOMCE e os currículos de cada etapa/nivel, aplicando en todas elas a perspectiva de xénero e os valores inherentes á igualdade de oportunidades.
11. Levar a cabo accións de sensibilización e divulgación da igualdade de xénero desde unha perspectiva educadora e cun enfoque na procura dun impacto positivo a medio e longo prazo, enmarcadas no plan de igualdade do centro e con relación ao Proxecto Educativo, Plan de Convivencia e nas súas concrecións curriculares.

As aplicacións pedagóxicas para a prevención de desigualdade e discriminación entre sexos que podemos levar a cabo, entre outras son por exemplo, as que nos propón o estudo de Sánchez (2008, pp.230.232):

- a) *Elaboración dun plan preventivo para eliminar a violencia contra a muller que abrangue a todos os ámbitos, empezando pola prevención na escola.*
- b) *Creación dun programa para eliminar crenzas sexistas asumidas polo alumnado.*
- c) *Concienciación e formación específica do profesorado.*
- d) *Inicio das propostas partindo da forma de pensar da adolescencia.*



- e) *Traballo das distintas formas de sexismo, observando as crenzas do alumnado para loitar contra elas.*
- f) *Explicación dos conceptos de autoridade e pertenza*
- g) *Formación do alumnado en igualdade*
- h) *Etc.*

A día de hoxe, aínda poderíamos soste que a problemática radica en que tradicionalmente na nosa sociedade, se ten producido unha desigual valoración do masculino e do feminino, manifestándose en diferentes forma como: transmisión de roles no contorno familiar, o valor da realización do cotiá, a falta de recoñecemento das aportacións que as mulleres teñen realizado á sociedade, o predominio case que absoluto das figuras masculinas, a desigual distribución do tempo de lecer e das condicións extraescolares de aprendizaxe e das distintas expectativas sobre o que a educación debe aportar a un e outro xénero.

Algunhas autorías, mesmo nos describen un interesante fenómeno denominado “*encubrimiento voluntario de las habilidades*” según Noda, 2003) e neste senso, Jiménez Fernández (2002, p. 76), afirma que: “*Algunos estudiosos señalan que los más capaces en general y particularmente las mujeres, tienen una especial sensibilidad para captar las necesidades ajenas especialmente las de los seres próximos más necesitados, y sienten que deben comprometerse con ellos pudiendo ver desbordadas sus posibilidades personales y, en todo caso, disminuido su desarrollo personal*”.

O diagnóstico que veñen realizando diversas organizacións internacionais como a Cuarta Conferencia Mundial sobre a Muller celebrada en Beijing (China) en 1995, a propia UNESCO (1995), a Asociación Mundial de Educadores Infantiles (2006), xunto coa xa multitude de estudos e investigacións veñen poñendo de manifesto *a necesidade dunha conciencia mundial sobre a desigualdade entre os xéneros, pero que por diversas razóns, parece ter certa resistencia e mesmo dificultades para un adecuado nivel de desenvolvemento.*

Aínda que con desigual nivel no desenvolvemento e melloras acadadas, tamén en distintos lugares, aínda non están resoltos os datos e o diagnóstico que se insire na citada Conferencia Mundial sobre a Muller celebrada en Beijing, como por exemplo os seguintes:

1. *A indixencia e a pobreza mundial teñen cara de muller.*

2. *O analfabetismo mundial e a carencia de capacitación profesional teñen cara de muller.*
3. *A carencia ou deficiente saúde ten cara de muller.*
4. *A violencia de xénero ten cara de muller.*
5. *O desequilibrio no acceso e control das estruturas económicas das sociedades ten cara de muller.*
6. *A marxinação no exercizo do poder e na adopción de decisións teñen cara de muller.*
7. *O dereitos humanos non tiveron (nin teñen) rostro de muller.*
8. *Os medios de comunicación social discriminan negativamente á muller.*
9. *O desenvolvemento sostible e o coidado do medio ambiente deben tener cara tanto de home como de muller.*
10. *A discriminación infantil ten rostro de nena.*

Neste sendo, resulta curioso un estudo realizado por Kerr (1995), que analiza a traxectoria persoal, social e profesional de trece mulleres eminentes e apunta un conxunto de características que teñen presidido a súa vida e que moi probablemente, estarían aínda hoxe vixentes en boa medida, si realizásemos estudos equivalentes a este. As distas características así postas de manifesto, polo citado estudo son as seguintes:

1. *Tempo en solitario.*
2. *Voracidade lectora a veces pospoñendo outras responsabilidades.*
3. *Sentirse diferente ou especial tanto no positivo como no negativo.*
4. *Ensinanza individualizada.*
5. *Educación en clases ou contextos unisexuados.*
6. *Dificultades na adolescencia como sentirse raras, ignoradas, pouco populares ou con tendencia a rexeitar aos outros.*
7. *Separación e habilidade para evitar a confluencia.*
8. *Toma a responsabilidade da propia vida e guíanse polas súas conviccións e valores.*
9. *Amor ao traballo elixido ao que adican tempo e disfrutan coa tarefa.*
10. *Rexeitamento e ignorancia sobre as tópicas limitacións do xénero feminino.*
11. *Necesitan defenderse fronte aos que non concordan coas súas ideas e coa intensidade e excelencia con que as cultivan.*
12. *Integración de roles (profesionais, persoais, familiares e sociais).*

Outra cuestión interesante para abordar desde o ámbito educativo a podemos tamén atopar nos diferentes estudos e investigacións sobre o xogo e o xoguete e a súa relación co sexo. A modo de exemplo, podemos citar o que se insire no boletín nº 313 da Asociación Mundial de Educadores Infantiles (2006), no que aparece un estudo científico neste senso e nel se afirma que *cando os alumnos e alumnas teñen iguais oportunidades de acceso aos diferentes xogos e xoguetes existentes sen a influencia de persoas adultas, obsérvase que ambos sexos seleccionan en xeral, os mesmos xoguetes nas idades máis temperás e que so a partires da idade preescolar, basicamente polo reforzamento educativo e social, comezan a observarse maiores diferenzas. En consecuencia, obsérvase que a elección dos diversos xoguetes está relacionada cos propios intereses dos nenos e nenas nese momento máis que determinada polos sexos. Polo tanto, podemos concluír que o realmente importante entón non é definir os xoguetes para nenos e nenas, senón a súa relación coa esfera afectivo-motivacional e as particularidades físicas e motoras.*

Tamén hai outros estudos que conclúen que mesmo se requiren mellores sistemas de rendición de contas para facer un verdadeiro seguimento dos progresos na igualdade de xénero e cumprir cos compromisos nacionais e internacionais, en particular, sobre os dereitos das mulleres. Ramón García Peraltes, suxire en ISSN 2171-9098 · *ENSAYOS. Revista de la Facultad de Educación de Albacete*, Nº 27, 2012, (1-18) que para sobrepoñernos á situación en que aínda nos atopamos, desenvolver propostas en contornos diferentes, sendo dous deles fundamentais: un o familiar e outro o escolar:

- a. *A proposta para actuar no contorno familiar consiste en que hai que permitir que as fillas disfruten de tempo para actividades en igualdade con calquera varón, apoiar con entusiasmo calquera tarefa que propoñan ou descubran, desenvolver a súa capacidade crítica, involucralas nos plans e decisións familiares, axudar á súa incorporación ao mundo laboral, etc.)*
- b. *Pola súa vez, no que atinxe ao contorno escolar propón educar na afectividade e nas emocións, desenvolver plans de prevención e programas de atención específicos, organizar actividades de convivencia, eliminar de todos os materiais educativos os estereotipos sexistas, fomentar unha formación inicial e continua do profesorado, etc.). En definitiva, unha aposta por unha educación común en todos os aspectos, que pasa logo porque cada persona adulta se autoanalice e reflexione dunha maneira crítica, modificando e adaptando a súa forma de comportarse a esta busca e consecución dunha sociedade igualitaria.*

O autor anteriormente citado, tamén conclúe que *non podemos transmitir unhas ideas, valores ou actitudes determinadas aos nosos fillos e fillas e aos nosos alumnos e alumnas si non no las creemos e interiorizamos nós mesmos/as (as persoas adultas e en particular as persoas educadoras)*. Como persoas adultas, deberíamos tomar conciencia do camiño que aínda debemos percorrer, tanto homes como mulleres cara o obxectivo común cara unha igualdade efectiva/real.

En definitiva, podemos concluir que os/as docentes deberían modificar a forma de facer e de traballar para lograr persoas autónomas, capaces de tomar decisións e de participar activamente na vida profesional e social en plena igualdade. Deste xeito, as competencias básicas e /ou clave, entre outras cuestións, deberían facer reflexionar ao profesorado para modificar as metodoloxías que aínda se continúan empregando nos procesos de ensino-aprendizaxe pero especialmente, na necesidade de reinterpretar a avaliación, xa que o que coñecemos como exame tradicional non avalía correctamente a súa aprendizaxe. Propónse polo tanto, tomar en consideración que a adquisición das competencias básicas, clave e mesmo en xeral, as que atañen claramente ao que se coñece como DESEMPEÑO, obrigan ao profesorado a enfocar doutro xeito, tanto o propio proceso de ensino-aprendizaxe como as escollas das actividades e tarefas e a súa organización e desenvolvemento, xa que deberían ter máis relación coas habilidades para a citada inserción laboral e social do alumnado, favorecendo pola súa vez, a plena igualdade entre sexos. Podemos destacar algunhas destas habilidades tales como: preparación flexible, estratexias deresolución de problemas, capacidade de adaptación, cumprimento de normas, integración laboral e profesional, capacidade para interactuar cos demáis, ser quen de comunicar, responsabilidade, puntualidade, lealdade, autodisciplina, eficacia e eficiencia, respecto, dominio das tecnoloxías da información etc. O coñecemento e manexo das citadas habilidades básicas/clave por parte de ambos sexos, posibilitaría a inclusión social e laboral da cidadanía en igualdade de oportunidades ante a busca dun emprego, por citar un exemplo.

No ámbito específico dos centros educativos propónse que se actúe cara un decidido impulso no que establece o artigo 126.2 de la LOE (2/2006), en tanto que reflicte que *“una vez constituido o Consello Escolar do centro, éste designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres”* (BOE 106 núm. 106 p. 17190). Si realizamos unha análise da situación, podemos observar como o citando impulso continúa a ser neste momento, francamente mellorable ou cando menos, non está a ter aínda un desenvolvemento efectivo, polo que

representa unha clara acción de marxe para a mellora e que tan necesaria se fai, si se queren dinamizar realmente, os plans de igualdade que se promulgan institucionalmente desde a Secretaría Xeral para a Igualdade da Xunta de Galicia, pero tamén, desde o ámbito de actuación da propia Consellería de Cultura, Educación e O.U, como se porá de manifesto mais adiante.

Ultimamente, véñse facendo de forma reiterada unha valoración da influencia dos materiais didácticos e a linguaxe dos medios de comunicación, xa que por exemplo, o material didáctico e especialmente, os libros de texto escolares, son instrumento pedagóxico de gran relevancia e constitúen mecanismos non conscientes mediante os que aparecen e se reforzan as desigualdades, sen ignorar tamén o papel que xogan os contidos propiamente curriculares, xa que trasmiten unha visión do masculino e do feminino en base a consideracións de tipo social e xerarquía de valores, resultando en consecuencia, unha das fontes máis efectivas na transmisión de estereotipos sexistas e constitúense nunha abrumadora forza persuasiva e unha vía clara de transmisión do sexismo nas aulas. Pero a pesares da referida diagnose, logo, continua habendo unha certa resistencia, por exemplo, para actuar de forma crítica por exemplo cos ditos materiais didácticos.

Chegados ate este punto, podemos concluír que hai unha gran oportunidade para analizar co propio alumnado estas distorsións, chamando a atención para fomentar unha actitude crítica e desactivar a súa perpetuación. En consecuencia, é necesario realizar de forma permanente unha revisión crítica dos referidos contidos escolares xunto cos materiais didácticos empregados ou ofertados no mercado de xeito que se efectúen medidas de presión para que estes fomenten claramente unha educación non sexista, igualdade de oportunidades, etc. En todo caso, pese a mellor ou peor fortuna dos materiais, non debemos esquecer o relevante papel que ten o profesorado na execución e transmisión de valores e tamén certamente, a importancia da linguaxe e imaxes transmitidas a través dos medios de comunicación e os procesos que se xeran na interacción nas redes sociais, a publicidade, etc.

Si asumimos que a linguaxe é unha forma de representación do mundo e que esta ten un dobre poder reprodutor e pola súa vez, transformador da realidade e moldeadora do modo de ver o mundo e a súa aplicación ao enfoque de xénero, require dunha análise da realidade e a proposta de transformacións máis igualitarias. Sen isto certo, desde o ámbito educativo, debemos ter conciencia de que a linguaxe a través dos medios de comunicación de masas tivo sempre unha gran influencia respecto da cuestión de xénero

que mesmo se convertíu e convertíe aínda nun claro motivo de preocupación social en tanto que é un gran potencial de cara a configuración de estereotipos de xénero. Si ben en xeral somos conscientes de como as imaxes, son enormemente perxudiciais para a formación da identidade dos nenos e as nenas, alumnos e alumnas, xa que transmiten unha mensaxe inconsciente de corte desigual e discriminatorio no que atinxe á publicidade, continuamos observando que o seu obxectivo é vender produtos e para iso recorre ao uso de tópicos de cara axudar e facilitar a súa comprensión por parte de de todas as súas audiencias. Hai un certo consenso xeralizado de que *un anuncio é sexista cando emprega como colectivo específico –aínda que o contido poida ser de interese para ambos sexos-, presenta a homes e mulleres como simples obxectos eróticos despersonalizados, atende só ao aspecto físico da muller, etc.* En consecuencia, deberíamos fomentar desde o ámbito educativo, actitudes críticas cara os mecanismos que discriminan á muller, poñer de relevo os estereotipos e os prexuízos que inconscientemente transmitimos cando empregamos determinadas palabras do vocabulario e ensinar ao alumnado a utilizar recursos e alternativas non sexistas no uso da linguaxe como ocultación da muller detrás do xénero masculino, o uso repetitivo de adxectivos estereotipados para ambos sexos, usos sexistas que aparecen en determinadas lecturas, etc). En calquera caso, os exemplos do propio profesorado e o que transmite a propia institución escolar teñen tamén un peso específico non menor e que require de certa reflexión. En definitiva, debemos ter presente que os medios de comunicación ben utilizados e outros exemplos que constitúan boas prácticas, poden resultar unha importante extratexía para fomentar actitudes positivas cara a inclusión, igualdade de oportunidades e polo tanto, propónse que este sexa un marco e mesmo aspecto concreto a traballar e observar desde o ámbito educativo e en todas as etapas, niveis e mesmo materias/áreas, etc.

Noutra orde de factores, resulta moi revelador o que ocorre por exemplo, co alumnado con altas capacidades e neste ámbito, podemos destacar valoración que se insire en Domínguez (2003), xa que podemos observar como por exemplo que, unha alumna con altas capacidades adoita ter as seguintes características: *un alto nivel de autocrítica que a mantén nun alto nivel de insatisfacción consigo mesma e coa contorna; é hipersensible a datos do contexto e se mantén os seus temores e sente atacada ou ferida, aumenta a súa indecisión que pode converterse en crónica, por medo a equivocarse ou por medo ao rexeitamento social; sente un desexo innecesario de compracer pola súa propia variable de xénero e atópase nun canellón circular e sen*

*saída; ten un gran perfeccionismo e autoexixencia para facer perfectamente todo o que tenta, sente inapetencia cara ao logros, medo ao éxito e tende a esaxerar a magnitude dos seus erros, etc.* En definitiva, moitas destas características, aínda que poida parecer sorprendente, nos informa o citado autor que *están “provocadas” polo clima familiar e desta forma, os sistemas de valores das mulleres son diferentes e organizan a súa vida en termos de relacións interpersoais e de responsabilidade cara aos demais. Isto fará que lles sexa difícil, por non dicir imposible, pór as súas propias necesidades por diante das necesidades daquelas persoas que lle preocupan. Isto convértese nunha orientación inadecuada para as mulleres. O comportamento das mozas superdotadas presenta diferenzas claras desde a idade preescolar con relación ao dos mozos en diversos aspectos da personalidade; isto faise máis evidente na adolescencia onde o medo ao éxito preséntase con maior forza, resolvendo este conflito a favor da procura dunha aceptación social e á conta do seu desenvolvemento intelectual e persoal.*

As teorías sobre a motivación de logro tamén poñen de manifesto que as mulleres adoitan atribuír o éxito en tarefas intelectuais á sorte e o fracaso á falta de capacidade (Simon e Feather, 1973; Lochel, 1983); *as baixas expectativas académicas e a desconfianza nas súas habilidades foron desenvolvidas ao longo da súa vida a través das actitudes mantidas tanto pola familia como pola escola, mesmo desde idades moi temperás.* Ademais, seguindo a Pérez e Díaz (1994, p. 110), manifestan que *“especial atención requirirían sistemas de detección referiridos a suxeitos con hándicap físicos, de contornas socioculturais baixos e a mulleres superdotadas”.* Doutra banda, manifestan que *“as investigacións que relacionan o procesamento cognitivo da información e o funcionamento do cerebro cos correlatos biolóxicos non son suficientemente claras para responder as preguntas sobre a importancia relativa do sexo en calquera forma de superdotación”.*

Ao fio do que se acaba de mencionar, cabe destacar que moitas investigacións da sobredotación están de acordo con que os valores cognitivos entre nenos e nenas varían, porque as súas experiencias de socialización son moi distintas, sendo o modelo explicativo máis razoable é o referido ás presións de socialización de pais/nais, profesorado, amizades,..., que fan que o/a neno/a en desenvolvemento adopte as condutas apropiadas ou que elabore as máis axustadas ao seu rol sexual.

García Paredes, R. en *La Educación desde la Perspectiva de Género*, ISSN 2171-9098 · ENSAYOS. *Revista de la Facultad de Educación de Albacete*, Nº 27, 2012, (p14), nos describe que *para as mulleres, as percepcións do rol feminino poden levar ao conflito*

*entre o que son e queren ser en contraposición co que se supón que deben ser. Esta situación pode provocar ansiedade e culpa. Como a moza superdotada ten menos modelos femininos cos que identificarse, deberíanselle dar oportunidades de que coñeza mulleres que pasasen polas súas mesmas circunstancias e que o souberon aproveitar. Neste ámbito, aínda hai moito que facer e mesmo, cando se detecta que boa parte das mulleres superdotadas, adoitan presentar unha serie de problemas que ao parecer lles impide resolver con éxito determinadas situacións.*

O que se propón na actualidade é tratar de explorar a opción de feminizar á sociedade facendo pública a cultura feminina e non a de tratar de masculinizar ás mulleres, pero esta tarefa debe ser común de toda a sociedade no seu conxunto, si ben, partindo de que as mulleres contan aínda con menos modelos femininos visibilizados cos que identificarse, e mesmo experiencias de socialización distintas, xunto coas discrepancias en canto ás expectativas, diferentes valores e roles sociais aínda non desterrados nin superados.

Tanto García Paredes, R. (2012) como outras autorías e expertos en materia de educación con perspectiva de xénero nos propoñen actuacións que van na liña das que se insiren de seguido e que consideramos acertadas:

1. *É necesario, observar e analizar a relación entre rol de xénero e expectativas, as cales establecen un comportamento particular. Comparar as expectativas coa realidade.*
2. *Proponse modificar o proceso de socialización diferencial do fillo/a. Ver como se constitúen as identidades de xénero.*
3. *Hai que apelar e traballar no ámbito educativo os aspectos relativos á dignidade da persoa.*
4. *Resulta interesante implicarse e participar en campañas como “Móvete pola igualdade” e en xeral, desenvolver accións que promovan a aprendizaxes en/de valores.*
5. *Debemos facer posible que cada persoa desenvolva plena e libremente os seus valores, potencialidades, preferencias e expectativas vitais*
6. *É convinte establecer unha relación entre o marco teórico do enfoque de xénero e os exemplos de boas prácticas no ámbito educativo.*
7. *O sector educativo (a escola) brinda a posibilidade de CUESTIONAR o rol de xénero asignado. Mediante a aplicación do enfoque de xénero no ámbito*



*educativo poderá facerse posible as relacións entre sexos a fin de contribuír a superar as desigualdades existentes.*

### **3.-O CURRÍCULO OCULTO E A SÚA REPERCUSIÓN NA APRENDIZAXE DE VALORES E NA PERPETUACIÓN DOS ESTEREOTIPOS**

Debemos ser conscientes que no desenvolvemento dos procesos de aprendizaxe en valores e moi especialmente, nos plans de igualdade dos centros, nos atopamos cun currículum oculto que obstaculiza dun xeito ou doutro os posibles logros reais e que aparentemente non se detectan ou non se toman na debida consideración por diversas razóns que se insiren de seguido.

Un dos problemas no ámbito educativo é que fronte ao currículo explícito que se desenvolve nas escolas, existe outro de carácter oculto que actúa de xeito eficaz no proceso de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas e, que dúbida cabe, aínda que neste aspecto non se insistiu suficientemente, por parte do profesorado (Torres, 1991; Etkin, 1993; Santos Guerra, 1994). Polo tanto, tamén os profesores e as profesoras deben considerar como imprescindible ter en conta esta cuestión á hora de abordar as perspectivas de xénero e facelas patentes na reflexión educativa, xa que aprenden concepcións, actitudes e formas de comportamento.

Partimos dunha definición amplamente consensuada sobre o concepto de currículo oculto, en tanto que *é un conxunto de normas, costumes, crenzas, linguaxes e símbolos que se manifestan na estrutura e o funcionamento dunha institución e sen pretendelo de xeito recoñecido, o currículo oculto constitúe unha fonte de aprendizaxes para todas as persoas que integran a organización*. As aprendizaxes que se derivan do currículo oculto realízanse de xeito osmótico, sen que se expliciten formalmente nin a intención nin o mecanismo ou procedemento cognitivo de apropiación de significados.

Considero que é de interese mencionar aquí, un interesante artigo entitulado ***Currículo oculto e aprendizaxe en valores***. © 2016. Consellaría de Educación e Ciencia do Principado de Asturias. <<coeduca@educastur.princast.es>> ou máis recentemente, publicado en <<[http://www.baiona.org/c/document\\_library](http://www.baiona.org/c/document_library)>> [consultado en data 07/11/2017]. No citado artigo, reflíctese que *as aprendizaxes que se derivan deste peculiar mecanismo afectan non só aos alumnos/ás senón tamén, e de xeito especial, ao profesorado. En efecto, ao incorporarse a unha institución, prodúcese un apropiamento da cultura desta, unhas veces por convencemento e outras por unha reacción de sobrevivencia*.

Considerando que todo centro escolar é unha organización peculiar cunha cultura moral propia, no senso de que prové os seus membros dun marco referencial para interpretar e actuar, como conxunto de significados compartidos polos membros, que vai determinar os valores cívicos e morais que aprenden os alumnos e alumnas. este conxunto de normas, supostos tácitos, crenzas e valores maniféstanse en diversos rituais regularizados, reflectido normalmente na cara informal da organización do Centro, contribuíndo a socializar os suxeitos" (Bolívar, 1998). Precisamente este autor, formula no seu interesante traballo como se pode plasmar no Proxecto do Centro, de xeito consensuado, a pretensión educativa sobre a que armar o traballo e a convivencia. *O problema radica, ao meu xuízo, na plasmación das intencións, na asunción dos enunciados. É imaxinable que nun Proxecto se diga que se trata de eliminar a participación, de esmagar a liberdade, de destruír a solidariedade, de xerar desigualdades? É difícil que se escriba, pero non é tan improbable que suceda.*

Polo tanto, é preciso deslindar terminoloxicamente a cuestión xa que, moitas veces, o discurso pedagóxico está larvar por unha utilización ambigua da linguaxe. Quen vai dicir que non é necesario educar en valores? Agora ben, baixo ese paraugas conceptual, hai quen inductina, quen meramente instrúe, quen socializa ou quen verdadeiramente educa. Que diferenzas existen entre estes conceptos? Non é preciso recordar que, algunhas veces, a linguaxe serve para entendernos e liberarnos e, outras, para confundirnos e soxulgarnos. Tendo en conta, pola súa vez, que socializar é tratar de incorporar as persoas á cultura na que han de vivir, na que teñen que traballar, na que teñen que relacionarse, non é menos certo que esa cultura ten unhas normas, uns costumes, unhas crenzas, un conxunto significados compartidos...

De todas formas, hai que ter en conta que o acto de educar é algo diferente e máis complexo, xa que quen educa, axuda ao individuo a incorporarse a unha cultura, pero de xeito crítico e comprometido. É dicir, o que educa, axuda a discernir que é o bo e o malo da cultura. Insta a aceptar o moralmente bo e a combater o que resulta inadmisibile dende o punto de vista moral. Neste senso, faise necesario diferenciar entre inductinar e instruír, xa que o primeiro pretende impoñer os valores á forza sen contar coa liberdade da persoa, sen aceptar que teña dereito de aceptar os valores que se lle propoñen e polo tanto, nega o dereito á liberdade de rexeitalos e elixir outra xerarquía de valores, mentres que instruír é somentes transmitir coñecementos e ideas sen pretender chegar a outras esferas da personalidade, próximas ao mundo dos sentimentos, dos comportamentos e das crenzas. Podemos observar como parte das persoas que adican ao

ensino son na práctica meras instrutoras, en ocasións, baixo a escusa de que ninguén os ensinou a facelo ou xustificando a súa condición de especialista nunha materia que deben dar a coñecer. O problema ven determinado por que cando un ser humano está en relación con outros, inevitablemente inflúe de moitas formas e o profesor/a ante un grupo de alumnado, imparte simultaneamente moitas leccións e non somentes como en ocasións se pensa, só a da súa materia, pois ao mesmo tempo, se poñen en interacción aspectos relativos á sensibilidade, de respecto, de linguaxe, de compostura, de atención ao desfavorecido ou mesmo, de todos os seus contrarios e é aquí onde precisamente, ten unha maior incidencia o currículo oculto, debido as peculiaridades que non acompañan ao desenvolvemento do currículo explícito das institucións, neste caso da escolar.

No citado artigo *Currículo oculto e aprendizaxe en valores*. © 2016, reflíctese unhas consideracións que é moi importante ter en conta como por exemplo as que se insiren de seguido, xa que clarifican de forma relevante o problema de fondo e forma que nos acarrea o currículo oculto á hora de actuar tamén desde a perspectiva da igualdade de xénero:

- *É subrepticio, é dicir, que inflúe de xeito non manifesto, de todo oculto. Non por iso é menos efectivo. A través da observación, da repetición automática de comportamentos, do cumprimento das normas, da utilización das linguaxes, da asunción dos costumes, acabamos asimilando unha forma de ser e de estar na cultura xerada pola institución.*
- *É omnipresente porque actúa en todos os momentos e en todos os lugares. De aí a súa importancia e a súa intensidade. A forma de organizar o espazo e de distribuír o tempo está cargada de significados, a natureza das relacións está marcada polos papeis que se desempeñan, as normas están sempre vinculadas a unha concepción determinada de poder... cando estamos nunha organización permanecemos inmersos no seu clima.*
- *É omnímodo porque reviste múltiples formas de influencia. Asimílanse significados a través das prácticas que se realizan, dos comportamentos que se observan, das normas que se cumpren, dos discursos que se utilizan, das contradicións que se viven, dos textos que se len, das crenzas que se asumen...*
- *É reiterativo, como o son as actividades que se repiten de xeito case mecánico nunha práctica institucional que ten carácter rutineiro. Éntrase á mesma hora, fanse as mesmas cousas, mantéñense as mesmas regras, perpetúanse os mesmos roles...*

- *É inavaliabile, é dicir que non se repara nos efectos que produce, non se avalía a aprendizaxe que provoca, non se valora as repercusións que ten. Avaliase o currículo explícito, tanto nas aprendizaxes que provocou nos alumnos/ás coma de xeito global a través das avaliacións de Centros. Pero non se ten en conta todo o que leva consigo a forma de estruturación, funcionamento e relación que constitúe a cultura da institución.*

Como se pode observar, as referidas características brindan ao currículo oculto unha eficacia poderosa xa que o individuo non é consciente da súa influencia, non somete a revisión crítica ese influxo e fai que non se poida defender doadamente das súas perversións (Etkin, 1993; Santos Guerra, 1994). O cal non quere dicir que todos os compoñentes da aprendizaxe que se derivan do currículo oculto sexan negativos porque algunhas prácticas institucionais se asentán sobre a racionalidade e a ética.

Deberíamos partir de que a educación ha de sustentarse en valores, de aí que se considere que a expresión "educar en valores" é, dalgún xeito redundante, pois unha educación sen ter en todo momento presentes os valores, sería unha mera *instrución, de transmisión ou descubrimento de datos asépticos, de ideas inertes*, como xa se ten indicado anteriormente. Pero pola súa vez, tamén debemos de considerar que non existe coñecemento neutro, xa que tampouco o é a súa selección, nin o é o modo de aprendelo nin, por suposto, o é a súa aplicación, etc, polo tanto, podemos concluír que *a auténtica educación, que fai referencia a todas as vertentes do individuo, non pode omitir a dimensión moral*, pero unha educación moral non en sentido restritivo senón amplo. Neste senso, convén tomar un paradóxico exemplo como cando nun Proxecto Educativo de Centro se insiren obxectivos como facer cidadáns participativos, pero que logo, non hai evidencias de que teñan realmente unha participación activa ou se promova como tal na vida e desenvolvemento de accións do centro neste senso. Podemos dicir o mesmo, no relativo a obxectivos de tipo creativo, cando logo non se dan posibilidades reais e suficientes de manifestar/ expresar libremente a súa opinión, etc, polo que esta cuestión non deixa de ser en certo modo unha paradoxa ou mesmo unha certa ironía. Esta mesma situación a podemos ver cando se fai referencia a que todas as persoas teñen igual dignidade pero logo no mesmo ámbito dunha institución escolar hai diferentes niveis de servizos e recursos, privilexios, ou mesmo comodidades, entre os diferentes colectivos que conforman a comunidade educativa, por exemplo. Un das contradicións e mesmo enfoque aínda errado que tamén se da nos centros educativos é por exemplo a de situacións nas que se apréndese para o exame o texto teórico sen considerar ou cando

menos, non de forma suficiente que se aprende para a vida o que sucede na práctica. Este aspecto non debería perderse de vista, polo que se propón que sexa un espazo de mellora xeralizada no contorno das institucións educativas, de cara o traballo en valores de igualdade pero cun enfoque de vivencias e dunha implantación real e práctica.

Cando se nos brinda por autores como Maturana (1999) que “cando un ten que ensinar algo é porque ese algo non xorde só na vida” aspecto este que debería tomarse en consideración cando abordamos a perspectiva da igualdade efectiva de xénero no ámbito educativo, no senso de tratar de vivenciar as situacións de cara lograr un impacto tamén real e unha mellora efectiva na aplicación dos valores da igualdade de xénero, xa que en caso contrario temos que continuar ensinando estes aspectos, porque aquilo que ensinamos non o estamos a vivir e isto é o que trata de poñernos de manifesto (Maturana, 1999) no senso de que *ese é o verdadeiro problema cos valores*. A clave e mesmo a solución que se propón, está en vivir os valores, dentro e fóra da escola e de aí que se propoña reflexionar sobre diversas cuestións referidas á dimensión ética do funcionamento da institución escolar e neste senso, aínda se fai necesario reflexionar como nos indica Santos Guerra no citado artigo, en relación con que *unha escola segregadora, unha escola elitista, unha escola na que quen no responde ao "neno estereotipo" están condenados ao fracaso, non pode educar en valores*. Deste xeito, conforme nos pon de manifesto o citado autor, *se convertemos a educación moral nunha materia máis, noutra disciplina, os froitos serán escasos e a tremenda ameaza da hipocrisía institucionalizada converterase nunha realidade inquietante*.

A antedita consideración, mesmo a poderíamos aplicar no relativo á educación para a igualdade de xénero, motivo polo que debemos actuar de forma transversal pero tamén vivencial, xa que en caso contrario, non asistiremos a visualizar un impacto positivo e claro neste ámbito e /ou inclusive como informa Etkin (1993) cando fala de "a dobre moral das organizacións e de "a corrupción institucionalizada". *Non resulta hipócrita "falar" de solidariedade en institucións que fomentan a desigualdade e o egoísmo de grupos e persoas? Non é cando menos paradoxal "falar" de cooperación nunha institución que cultiva o individualismo? Non parece cínico invitar ao exercicio da liberdade en organizacións que esixen submisión?*. Non deberíamos esquecer que os/as alumnos/as aprenden os seus profesores/as, non soamente dos seus profesores/as.

Resulta interesante observar como a través do currículo oculto se transmiten, por exemplo, os estereotipos de xénero e como a escola mixta non chegou a ser unha escola coeducativa ou como a través dos libros de texto, das prácticas establecidas, das formas

de relación, etc, se perpetúan as formas de vivirse e de actuar como muller e como home (Areas, 1996; Santos Guerra e outros, 2000; Barragán, 2001). *Formas de comportamento que, por certo, son abertamente androcéntricas. Asemade, transmítese tamén unha concepción do poder, máis próxima ao privilexio que ao servizo, máis vinculada ás prebendas que ás esixencias democráticas. Por exemplo, a organización dos espazos, tanto no seu tamaño coma na súa disposición, o seu uso ou o tránsito por eles está rexida polo beneficio e non pola lóxica, polo interese e non pola racionalidade, polo capricho e non pola ética* (Heras, 1997).

Resulta de interese observar como *os propios escenarios da aprendizaxe fannos entender que soamente un sabe (colócase nunha posición máis alta, diríxese ao auditorio, dispón de medios audiovisuais, está preto do encerado, ten un micrófono...), que o alumnado non poden aprender nada uns doutros (están colocados en aliñacións que lles facer mirar ao cocote do que está diante, non dispoñen de tempo para falar, non poden facer grupos para discutir...).*

Pola súa vez, o tempo distribúese de forma xerárquica e a forma de traballar o coñecemento e de avaliar a aprendizaxe entrañan perigosas concepcións sobre a construción, a valoración e a aplicación deste aínda hoxe en día, onde se desenvolve unha unha concepción xerárquica de verdade que podería definirse así: "Verdade é o que a autoridade di que é verdade", que non deixa de ser unha dinámica oculta pero no que desempeña un papel primordial a avaliación, en tanto que a formulación de verdade xerárquica adquire esta variante: "Verdade é o que, segundo o corrector, hai que responder na avaliación", como moi ben nos traslada (Santos Guerra, 2001) cunha outra interesante aportación como é que "Se o clima ético está deteriorado é doado que non importe a natureza inmoral dos métodos que se empregan para alcanzar os primeiros postos" ou tamén cando nunha obra súa de 2001 co título "Unha tarefa contraditoria: educar para os valores e preparar para a vida". Nos formula nela un inquietante dilema. *É o que se encomenda á escola de educar para os valores (igualdade, xustiza, paz, solidariedade...) e simultaneamente de preparar para unha a vida nunha sociedade que pon en dúbida eses valores.*

Para finalizar nas referencias do antedito autor, é interesante tomar tamén consideración outra das súas reflexións no senso de que a propostas de modelos que reciben os estudantes na escola ("estuda cada día", sen solidario", "axuda aos outros", "esfórzate, "respecta aos demais"...), teñen como contrapunto outros modelos que reciben a través das cotizacións sociais e do seu máximo expositor que son os medios de comunicación:

"triúnfa como sexa", "gaña diñeiro con rapidez", "que se fale de ti en todas as partes", "que che coñeza a xente"... , facéndose precisamente *esta segunda proposta de modelo, non pola vía da argumentación senón da sedución, presentando o momento da gloria do vencedor, non o esforzo, o sacrificio e o risco que tivo que asumir. De tal maneira que, se se fai a un alumno a pregunta de como quen quere ser, é doado que se incline polo modelo televisivo en forma de futbolista para os pequenos ou de modelo para as rapazas*. Todo isto nos leva a que cando se fala de currículo oculto, hai que referirse ás institucións educativas, tanto na dimensión marco como micro, sendo precisamente a dimensión micro a que máis nos debe preocupar, xa que cada centro pode encarnar, ignorar ou contradicir os valores que constitúen o fundamento da sociedade civil.

Cada institución ha de ser a copia dunha sociedade que respecta os valores, que os vive, que os fai realidade nas súas prácticas, nas relacións das persoas e na forma articular o funcionamento. En todo caso, ámbalas dúas dimensións son imprescindibles como nos pon de manifesto o referido autor Santos Guerra, motivo polo que nos indica que resulta tan necesario que as escolas reflexionen sobre o seu funcionamento, que revisen os seus patróns de conduta, que poñan sobre o tapete o código moral que rexe as relacións dos seus membros (Santos Guerra, 2000) e de aí, a necesidade de compromiso por parte de todos e todas, *coa consecución dun sistema de escolas que desenvolva a igualdade e non a inxustiza e cun funcionamento de cada escola que contribúa a unha vivencia cotiá cargada de valores*.

#### **4.-REFERENTES PARA TRABALLAR A IGUALDADE NO ÁMBITO EDUCATIVO**

De seguido insírense unha serie de instrumentos nos que podemos e mesmo debemos, basear as intervencións desde o ámbito educativo, na procura de garantir as actuacións ecomendadas tanto na normativa como tamén institucionalmente nun contexto da necesaria transversalidade “mainstreaming” así tamén formulado na literatura sobre igualdade de xénero na actualidade.

En primeiro lugar, cabe facer referencia ao ***I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia***, no que interesa tanto o marco conceptual como o marco legal no que se sustenta, como por exemplo as que se insiren de seguido:

**A nivel de normativa estatal:** *Constitución española de 1978. Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da*

*formación profesional. Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*

**A nivel de normativa autonómica:** *Lei orgánica 6/1981, do 6 de abril, de estatuto de autonomía para Galicia. Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia. **VII Plan estratéxico de Galicia para a igualdade H M marzo 2017***

Presisamente, o citado **VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 (marzo de 2017)**, constitúe unha referencia actual clave pero en particular, o seu capítulo 2 en tanto que nos concreta as áreas estratéxicas para a igualdade mediante o seguinte obxectivo estratéxico: **Impulsar o cambio de valores, actitudes, roles e estereotipos que sustentan a desigualdade de xénero a través dun modelo educativo que promova a equidade entre mulleres e homes en todas as súas dimensións.** Pola súa vez o referido obxectivo extratéxico contén os seguintes **obxectivos específicos**:

1. Avanzar nun modelo educativo baseado na coeducación.
2. Promover a igualdade de xénero na organización e xestión dos centros educativos.
3. Impulsar unha orientación académica e profesional libre de estereotipos.
4. Consolidar o enfoque de xénero e das mulleres na actividade académica, científica, tecnolóxica e de innovación.
5. Impulsar modelos igualitarios nas relacións afectivo sexuais.
6. Promover valores e actitudes inclusivas e normalizadoras respecto da orientación sexual e as identidades de xénero.

Si somos quen de responder desde o ámbito educativo, de forma adecuada aos citados obxectivos específicos e especialmente, no que atinxe a un modelo educativo baseado na coeducación e ademais, promover a igualdade de xénero na organización e xestión



dos centros educativos, xa non sería un deses plans que como ocorre en tantas outras ocasións, que na práctica resultan estériles xa que non teñen unha implantación, aplicación e desenvolvemento efectivo e polo tanto, quedan só en pretendidas bondades nas aspiracións de deseño dunha sociedade mellor, pero que non ten o impacto desexable. Temos aquí fixado polo tanto, obxectivos e tarefas que paga a pena desenvolver sen presas pero sen pausas e das que é corresponsable toda a comunidade educativa, neste caso, a galega por ser destinataria directa do referido plan estratéxico.

Unha referencia normativa importante que debemos formular aquí é relativa á *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación*. «BOE» de 4 de maio de 2006 Ref.: BOE-A-2006-7899 -texto consolidado-. Última modificación: 10 de decembro de 2013 (*Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro*. Ref. BOE-A-2013-12886.) [LOE-LOMCE] e da que podemos destacar e tomar en consideración as cuestións que se insiren de seguido:

Artigo 84 da Lei Orgánica, no relativo á escolarización en centros públicos e privados concertados e en particular, no que atinxe á admisión de alumnado, no senso de que *en ningún caso, a elección da educación diferenciada por sexos poderá implicar para as familias, alumnos e alumnas e centros correspondentes un trato menos favorable, ou en calquera outro aspecto, motivo polo que se indica que os centros deberán expor no seu proxecto educativo as razóns educativas da elección do devandito sistema, si for o caso, así como as medidas académicas que desenvolven para favorecer a igualdade*. Tamén se reflicte no seu punto 9 do referido artigo 84, que *a matriculación do alumando nun centro público ou privado concertado suporá respectar o seu proxecto educativo, sen prexuízo dos dereitos recoñecidos aos alumnos/as e ás súas familias nas leis e o establecido no apartado 3 deste artigo*.

A autonomía dos centros, que está prevista no artigo 120 da LOE/LOMCE no seu texto consolidado, en tanto que reflicte que *os centros disporán de autonomía pedagóxica, de organización e de xestión no marco da lexislación vixente e nos termos recollidos na presente Lei e nas normas que a desenvolvan e asemade, tamén indica que centros docentes disporán de autonomía para elaborar, aprobar e executar un proxecto educativo e un proxecto de xestión, así como as NOF do Centro*.

No Art. 73º da LOMCE e 120 da LOE , establécese que *as administracións educativas potenciarán e promoverán a autonomía dos centros, de forma que os seus recursos económicos, materiais e humanos se poidan adecuar aos plans de traballo e*

*organización que elaboren, unha vez que sexan convenientemente avaliados e valorados.*

Asemade, tamén se reflicte que *as administracións educativas poderán establecer plans específicos de mellora naqueles centros públicos que non alcancen os niveis adecuados. Neste senso, cabe destacar que os centros, no exercicio da súa autonomía, poden adoptar experimentacións, plans de traballo, **formas de organización, normas de convivencia** e ampliación do calendario escolar ou do horario lectivo de áreas ou materias, nos termos que establezan as administracións educativas e dentro das posibilidades que permita a normativa aplicable, incluída a laboral, sen que, en ningún caso, se impoñan achegas ás familias nin exixencias para as administracións educativas.»*

**Un dos elementos máis relevante que conforman o PEC** son precisamente as coñecidas como *Normas de organización, funcionamento e convivencia do centro, (art. 78 LOMCE e 124 LOE)* que deben elaborar os centros, mediante un plan de convivencia que incorporarán logo á PXA e *que recollerá todas as actividades que se programen co fin de fomentar un bo clima de convivencia dentro do centro escolar, a concreción dos dereitos e deberes dos alumnos e alumnas e as medidas correctoras aplicables en caso do seu incumprimento conforme coa normativa vixente, **tomando en consideración a situación e condicións persoais dos alumnos e alumnas, e a realización de actuacións para a resolución pacífica de conflitos con especial atención ás actuacións de prevención da violencia de xénero, igualdade e non discriminación.***

**As referidas normas de convivencia e conduta dos centros serán de obrigado cumprimento,** e *deberán concretar os deberes dos alumnos e alumnas e as medidas correctoras aplicables en caso de incumprimento, **tomando en consideración a súa situación e condicións persoais.*** Pola súa vez, as medidas correctoras terán un carácter educativo e recuperador, deberán garantir o respecto aos dereitos do resto dos alumnos e alumnas e procurarán a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa. *As medidas correctoras deberán ser proporcionadas ás faltas cometidas. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa, que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnico, relixioso, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas*

*terán a cualificación de falta moi grave e levarán asociada como medida correctora a expulsión, temporal ou definitiva, do centro. As decisións de adoptar medidas correctoras pola comisión de faltas leves serán inmediatamente executivas.*

## **5.-DOCUMENTOS RELACIONADOS CO PROXECTO EDUCATIVO DOS CENTROS (PEC) E A POSIBLE UBICACION DO PLAN DE IGUALDADE**

Cando nos referimos ao PEC dos centros, non estamos a falar só dun documento que reflicte o seu ideario ou as liñas de actuación e principios educativos dun centro para un período determinado de vixencia, senón que xunto co documento principal/básico e en relación con él están asociados outros documentos, plans e proxectos que conforman unha ampla liña de intervención entre as que están cuestións esenciais na vida diaria dos centros como é o relativo á convivencia e polo tanto, tamén á igualdade, diversidade, inclusión, etc. Neste senso, podemos fixarnos na seguinte relación de documentos, nos que dun xeito ou doutro, estamos obrigados a conformalos tendo en conta tamén a perspectiva de xénero e os factores de promoción da igualdade no e desde o ámbito educativo:

1. *Normas de Organización, funcionamento e convivencia do centro (art. 78 LOMCE)+ Plan de Convivencia do Centro (incluíndo o **Plan de Igualdade**)*
2. *Concreción curricular do centro (fixada e aprobada polo Claustro)*
3. *Proxecto de xestión do centro público*
4. *Programación Xeral Anual (PXA)/ Plan Anual dos CIFP*
5. *Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD)*
6. *Plan de Orientación académica e profesional (POAP) e Plan de Acción Titorial (PAT)*
7. *Proxecto lingüístico do centro (PLINC) e Plan de Dinamización de Lingüa Galega (PDLG)*
8. *Proxecto lector de centro e Plan de Biblioteca.*
9. *Plan de integración das TIC/Proxecto Dixital do centro*
10. *Programa de FCT/Plan de coordinación e relación coas empresas*
11. *Plano de autoprotección do centro.*

Como normativa específica de referencia para o PEC\_NOF dos centros e con posible repercusión cara o Plan de igualdade podemos citar a seguinte:

- *Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. Xefatura do Estado «BOE» núm. 106, de 4 de maio de 2006 Ref.: BOE-A-2006-7899 TEXTO*

*CONSOLIDADO. Última modificación: 10 de decembro de 2013 (LO 8/2013, de 9 de decembro. Ref. BOE-A-2013-12886).*

- *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e BAC na CA de Galicia. (DOG do 29 de xuño)*
- *Resolución do 15 de xullo de 2016, da DXEFPIE, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, da ESO e do BAC nos centros docentes da CA de Galicia. (DOG 1 de agosto)*
- *LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa. (DOG do 15 de xullo)*
- *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG do 27 de xaneiro).*
- *Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o ROC dos IES. (DOG do 9 de agosto)*
- *Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da CA de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na LO 2/2006, do 3 de maio, de educación (DOG do 21 de decembro)*
- *Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da FP do sistema educativo de Galicia. (DOG do 12 de xullo)*
- *Orde do 28 de febreiro de 2007 pola que se regula o módulo profesional de FCT da formación profesional inicial, para o alumnado matriculado en centros educativos da CA de Galicia. (DOG do 8 de marzo).*
- *Resolución do 13 de novembro de 2016, da DXEFPIE, pola que se regulan, para o curso 2016-17, os contratos-programa con centros docentes e se establecen as bases para a convocatoria e selección de plans dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación infantil, primaria e secundaria dependentes desta consellería.*
- *Instrucións de 1 de setembro de 2017, da DXCRH en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, durante o curso 2017/2018, nos centros docentes de niveis non universitarios, de titularidade da Consellería de Cultura, Educación e O.U.*

- *Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da CA de Galicia en materia de igualdade. (DOG do 17 de febreiro de 2016).*
- *I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia Secretaría Xeral da Igualdade (Vicepresidencia e C. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. [20/10/2016]*
- *ORDE do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de FP básica na CA de Galicia, así como o acceso e a admisión nestas ensinanzas.*

Si analizásemos as competencias que teñen atribuídas os diferentes órganos colexiados (Consello Escolar e Claustro de profesorado), equipo directivo/ dirección, órganos de coordinación docente e outros que dispón a propia LOE/LOMCE nos artigos 80º a 132º ou mesmo as que fixa o Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG do 27 de abril) podemos observar que non hai impedimento algún para adoptar as ditas competencias con perspectiva de xénero, pero tamén si nos deixamos levar pola súa literalidade, podemos non afrontar as tarefas co referido enfoque ou omitindo as intencionalidades que si se deberían de incluír, si queremos dar pasos efectivos na procura da mellora educativa en relación cos factores de promoción e dinamización da igualdade, especialmente de cara traballar factores de prevención da violencia de xénero e/ou mesmo dar unha adecuada resposta os obxectivos, plans e medidas do xa citado *I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia* ou do *VII Plan Estratégico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020*.

Un dos plans de centro educativo que pode e debe ter unha especial repercusión no relativo ás accións de mellora da igualdade de xénero, é ao meu modo de ver, o que se identifica na normativa como Plan Xeral de Atención á Diversidade, así contemplado no xa citado Decreto 229/2011 e neste senso, cabe destacar que no seu propio preámbulo se reflicte dúas cuestións interesantes.

*A diversidade, pois, é unha realidade social, e, polo tanto, unha realidade en cada centro educativo; realidade derivada da singularidade biolóxica, psicolóxica, social e cultural de cada alumna e cada alumno, da singularidade de cada familia e de cada unha das profesoras e dos profesores, tamén das particularidades de cada centro e de cada comunidade educativa no seu conxunto.*

*É a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada un dos proxectos educativos, en cada unha das ensinanzas, na coordinación docente, na personalización da educación de cada unha das alumnas e alumnos, nos recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa **preparación para convivir e participar, de forma autónoma, nunha sociedade democrática.***

**Xa no ámbito da Formación Profesional do Sistema Educativo,** o tratamento que se lle da ás cuestións de igualdade de xénero na Comunidade Autónoma de Galicia, as temos que contextualizar no Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a ordenación xeral da FP do sistema educativo de Galicia. (DOG do 12 de xullo), pero cuxo alcance das actuacións queda relegado basicamente as seguintes cuestións que se insiren no seu Capítulo XIV.-Información e orientación profesional (artigos 59º e 60º):

*Artigo 59º.-Fins da información e a orientación profesional na FP do sistema educativo:*

*b) Orientar o alumnado cara aos ciclos formativos que mellor se adapten ás súas circunstancias persoais, de maneira que a opción elixida permita superar os obxectivos dos módulos profesionais e terminar a totalidade do ciclo formativo, e sen que supoña risco para a súa integridade física nin a dos demais.*

*c) Informar e orientar sobre as oportunidades de aprendizaxe e os posibles itinerarios formativos para facilitar a inserción e a reinserción laborais, a mellora no emprego, así como a mobilidade profesional no mercado de traballo.*

*d) Informar sobre as titulacións académicas e sobre as oportunidades de acceso ao emprego, e orientar sobre as posibilidades de adquisición, avaliación e acreditación de competencias e cualificacións profesionais requiridas no mundo laboral, e o progreso nelas ao longo de toda a vida.*

*Artigo 60º.-Organización.*

*2. A consellería con competencias en materia de educación, no ámbito das súas competencias, proporcionaralle información ao alumnado do sistema educativo, ás familias e á sociedade en xeral.*

*Así mesmo, estableceranse as medidas e os instrumentos necesarios de apoio e reforzo para facilitar a información, a orientación e o asesoramento aos colectivos con risco de exclusión, persoas que abandonan cedo o sistema educativo, de escasa cualificación profesional, desempregadas, emigrantes, mulleres vítimas de violencia de xénero, así como ás persoas con necesidades específicas.*

3. *Os centros que impartan FP poderán prestar **atención singularizada ás empresas do seu ámbito territorial**, especialmente ás pequenas e ás medianas, co fin de deseñar itinerarios formativos axustados ás súas necesidades.*

## **6.-CONVIVENCIA E PARTICIPACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA: ASPECTOS RELATIVOS Á IGUALDADE DE XÉNERO**

Na Comunidade Autónoma de Galicia dispoñemos dunha normativa específica que regula a convivencia na comunidade educativa. A dita norma básica é ***Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa***. (DOG do 15 de xullo). En concreto no seu Título III, fíxanse as normas básicas de convivencia nos centros docentes, que se especifican no seu capítulo I Disposicións xerais e máis concretamente no artigo 10, cando se fai referencia ao ***Plan de convivencia e normas de convivencia***:

*1. O PE de cada centro docente incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 desta lei e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O devandito plan integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras. O plan de convivencia será elaborado por unha comisión de convivencia, ou, cando esta non estea constituída, polo equipo directivo, e aprobado polo consello escolar do centro.*

*2. As NOF de cada centro docente incluírán as normas de convivencia que garantan o cumprimento do plan de convivencia. Estas normas serán públicas e os centros docentes facilitarán o seu coñecemento por parte de todos os membros da comunidade educativa.*

*3. En particular, as normas de convivencia de cada centro concretarán os dereitos e os deberes do alumnado e establecerán as condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento, no marco do disposto por este título e das disposicións regulamentarias que o desenvolvan.*

*4. Así mesmo, as normas de convivencia poderán conter previsións sobre a vestimenta ou o xeito de presentarse do alumnado, orientadas a garantir que este non atente contra a súa dignidade, non supoña unha discriminación por razón de sexo ou un risco para a súa saúde e integridade persoal e a dos demais membros*

*da comunidade educativa ou non impida ou dificulte a normal participación do alumnado nas actividades docentes.*

A antedita Lei 4/2011 ten un importante desenvolvemento a través do *Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar. (DOG do 27 de xaneiro)*. Neste decreto convén tomar en consideración os seguintes aspectos xa que conforman o mandato cara os centros no relativo ás medidas a adoptar desde o Plan de Convivencia.

No preámbulo do referido decreto 8/2015 insírese que o *plan de convivencia é o documento no que se articula a convivencia escolar e as liñas xerais do modelo de convivencia que se pretende implantar, os obxectivos específicos que cómpre alcanzar, as normas que a regulan e as actuacións que se deben realizar neste ámbito para a consecución dos obxectivos proxectados. En definitiva, é un proxecto de reflexión e pensamento en que se sinalan as liñas de actuación para a mellora da convivencia no centro docente, e por iso o PEC incluírá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito **plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas e as actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterá actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.***

Logo, no artigo 9 do citado decreto 8/2015 aborda a cuestión dos órganos de coordinación docente en tanto que establece que os *órganos de coordinación docente, no seu ámbito competencial, serán responsables de incorporar nas súas actuacións as medidas e os acordos adoptados, de conformidade co que estableza o plan de convivencia e as normas de convivencia do centro. Asemade, tamén reflicte logo que en todo caso, as medidas e os acordos do número anterior serán recollidos pola CCP e polo resto dos órganos de coordinación docente para incluílos nos documentos institucionais do centro, concretamente nas concrecións curriculares de etapa, para asegurar a **coherencia** destes co PEC e a PXA.* Precisamente, é desde as concrecións curriculares onde os equipos docentes e/ou departamentos didácticos onde se deben fixar as directrices para as intervencións no ámbito da igualdade de xénero, eliminación de estereotipos así como os compromisos coa coeducación e coa prevención da violencia de xénero, etc.



**Debemos destacar especialmente o capítulo II do mencionado decreto 8/2015**, xa que cando fai referencia aos documentos e recursos complementarios sobre a convivencia escolar, na súa Sección 1ª no que atinxe ao Plan de convivencia, reflicte no seu artigo 11 o obxecto, fins e principios do plan de convivencia, conforme se insire de seguido:

*1. O plan de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.*

*2. O PEC incluirá un plan de convivencia que recolla e desenvolva os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e os regulados nas leis orgánicas sobre a materia. O dito plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerá, sobre a base dun diagnóstico previo, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos, e conterà actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.*

*5. A elaboración do plan de convivencia suporá a análise e valoración sobre os principais documentos organizativos e curriculares do centro e, de ser o caso, a súa actualización conforme o establecido neste decreto. Estes documentos son:*

- a) O PEC ou Proxecto Funcional dos CIFP.*
- b) A concreción curricular, respecto do desenvolvemento das competencias básicas/clave e da metodoloxía empregada.*
- c) O Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) e o Plan de Acción Titorial (PAT).*
- d) As Normas de Organización de Funcionamento do centro (NOF), sobre todo aquelas que garantan o cumprimento do plan de convivencia e as que recollan respostas educativas que o centro proporciona aos diferentes intereses e motivacións do alumnado.*
- e) A Programación Xeral Anual (PXA) /Plan Anual (PA) no caso dos CIFP.*

Os plans de igualdade dos centros enmárcanse claramente dentro do propio plan de convivencia que todos os centros deben ter elaborado e implantado, no marco do citado decreto 8/2015 pero sen esquecerse das implicacións e derivacións que teñen tamén con respecto a outros proxectos do centro, como é o xa citado PXAD e as concrecións curriculares.

## 7.-A MATERIA DE IGUALDADE NO DECRETO LEGISLATIVO 2/2015 DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

A Comunidade Autónoma de Galicia, dispón dun importate texto refundido en materia de igualdade no que se aborda entre outras cuestións a educación e a formación para a igualdade entre homes e mulleres cunha proposta de actuacións e medidas ás que se debe de facer fronte desde os centros pero tamén desde unha necesaria coordinación e impulso institucional de forma transversal (mainstreaming). A citada norma á que xa se ten feito algunha referencia anteriormente, é o *Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da CA de Galicia en materia de igualdade*. (DOG do 17 de febreiro de 2016) (1/2)

No seu capítulo IV, relativo á educación e a formación para a igualdade entre mulleres e homes, establece no artigo 17.1 o currículo regulador do sistema educativo destacando que a Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a lles proporcionar, tanto ás mulleres coma aos homes, unha educación para a igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptarase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:

- a) *A comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos os sexos como obxectivo de especial atención, sen que, en ningún caso, se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.*
- b) *O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.*
- c) *A adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e das actitudes necesarias que lles permitan, cando acaden a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais e a atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.*
- d) *O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas*

*áreas onde se atopan infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuízos.*

- e) *A garantía da coeducación na CA de Galicia dentro das súas competencias propias.*

No punto 2 do referido artigo establece que a Xunta de Galicia incluírá nos FPROFE, como materia específica, **a igualdade e a violencia de xénero** e de seguido no artigo, 18º establece unha importante esixencia para os centros no relativo á **erradicación de prexuízos nos centros docentes nos termos seguintes:**

1. *Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.*
2. *De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres. Con tales efectos, nos regulamentos internos dos centros educativos, deberán explicitarse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas.*

Finalmente, cabe destacar que no relativo á Integración da Igualdade na Formación Profesional, establece no artigo 19 que *no desenvolvemento das súas competencias sobre deseño dos contidos dos títulos de formación profesional, autorización, xestión e homologación dos centros formativos, programación e execución de actuacións concretas, información e orientación profesional, avaliación da calidade e cantas outras poida asumir no marco da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da FP, a Xunta de Galicia favorecerá a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante actuacións tendentes a evitar calquera tipo de discriminación, a eliminar a segregación profesional horizontal e vertical e mais a eliminar a totalidade das desvantaxes de partida que afecten o colectivo das mulleres.*

## **8.-COMPROMISOS DOS CENTROS EDUCATIVOS COA IGUALDADE**

Os compromisos que poden e deben adquirir os centros educativos en relación coa igualdade, os podemos fixar en base a determinadas prioridades, xunto coas iniciativas para desenvolver os principios da coeducación, a prevención da violencia de xénero e en

xeral, medidas para proporcionar ao alumnado unha formación para a igualdade. De seguido insírense algúns dos citados compromisos, sen que implique condicionar en modo algún que non se poidan desenvolver outros, en base ás demandas e obxectivos estratéxicos dun centro ou mesmo dunha determinada rede de centros, etc.

### **1.-Compromisos do profesorado coa igualdade. prioridades:**

- a) Examinar os contidos e materiais utilizados dentro do proceso educativo para evitar incluír elementos sexistas, anular modelos femininos, etc.
- b) Detectar as situacións de desigualdade que se poden dar no espazo educativo observando as condutas, actitudes, a linguaxe, percepcións e roles masculinos e femininos, a vida profesional, as súas expectativas de futuro, etc.
- c) Impulsar o empoderamento da muller introducindo figuras femininas relevantes dentro dos contidos, fomentando a participación das alumnas cuestionando os modelos tradicionais das relacións de xénero dentro do espazo educativo.
- d) Intervir para o desenvolvemento integral das alumnas e alumnos en igualdade.

### **2.-Opcións para desenvolver iniciativas en materia coeducativa**

- a) Asignaturas/Materias/Módulos onde se reflexiona acerca da igualdade de oportunidades.
- b) Materias nas que se introduce a perspectiva de xénero nos exemplos utilizados, nos modelos a seguir, etc.
- c) Prácticas que involucran ao alumnado a participar de forma igualitaria.
- d) Implicar ao profesorado e as familias na formación para educar coeducativamente.
- e) Exercizos de utilización da linguaxe non sexista en carteis, documentos, ...
- f) Incentivos ao uso igualitario dos espazos como o patio, zonas deportivas, laboratorios, ...
- g) No relativo ao fomento da coeducación na aula, considerar na propia programación: criterios de avaliación-estándares de aprendizaxe avaliábeis, (en FP: Resultados de aprendizaxe), **o nivel de uso e compromiso do alumnado coa utilización da linguaxe e perspectiva coeducadora.**

### **3.-Como podemos contribuir a evitar a violencia escolar desde a coeducación?**

- a) Fomentando e desenvolvendo habilidades e capacidades para a convivencia.
- b) Xerando contornas que fomenten a igualdade efectiva, equidade e inclusión.

- c) Levando a cabo boas prácticas de resolución dos conflitos mediante o diálogo e rexeitamento da violencia, aplicando a filosofía coeducadora con intervencións a diferentes niveis do ámbito escolar.
- d) Considerando como mellora continua a intervención con perspectiva de xénero en todos os ámbitos do centro e moi especialmente, na intervención con actividades de aula/ taller/laboratorio, outros espazos educativos e/ou de lecer do centro, etc. (Trátase de aproveitar todas as oportunidades que permitan aplicar, desenvolver, observar, modificar roles, etc)

**4.-Medidas conducentes a lles proporcionar, tanto ás alumnas como ós alumnos, unha educación para a igualdade. Finalidade: Art.17.1 do Decreto Legislativo 2/2015 polo que se aproba o texto refundido da CA de Galicia en materia de igualdade.**

O centro adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a lles proporcionar, tanto ás alumnas como os alumnos, unha educación para a igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades que se imparten no centro, adaptarase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:

- a) A comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos os sexos como obxectivo de especial atención, sen que, en ningún caso, se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de roles entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
- b) O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.
- c) A adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e das actitudes necesarias que lles permitan, cando acaden a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais e a atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.
- d) O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuízos.

- e) A garantía da coeducación no ámbito do centro, dentro do seu marco de autonomía e competencias que lle son propias.

**5.-A modo de resumo e con carácter xeral, propónse que os centros traten de fixar os seguintes compromisos, si ben na mesma liña do establecido no artigo 18 do referido decreto lexislativo 2/2015:**

- a) Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.
- b) De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres. Con tales efectos, nos regulamentos internos dos centros educativos (NOF), deberán explicitarse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas.

**6.-Obxectivos xerais que propoñen para as etapas de ESO e Bacharelato:** O centro comprométese a desenvolver co alumnado, os seguintes aspectos e capacidades conforme ao previsto no artigo 10 do DEC\_86/2015, de xeito que lles permita na etapa de ESO:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- c) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos

de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

- d) Asemade, conforme ao establecido no artigo 16.4 do referido decreto, a orientación educativa garantizará ao longo da etapa un axeitado asesoramento ao alumnado para favorecer a súa continuidade no sistema educativo ou, se for o caso, unha orientación profesional. En todo caso, a orientación educativa atenderá ao principio de igualdade entre homes e mulleres.

**Na liña do xa indicado, propónse que os centros teñan unha especial consideración na etapa de bacharelato, conforme co establecido no artigo 26, alínea c) do referido decreto 86/2015, é dicir, levando a cabo as accións necesarias para que esta etapa contribúa a desenvolver de forma efectiva no alumnado, as capacidades que lle permitan:** a) *Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres,* b) *Analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller,* c) *Impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.*


**7.-Dinámicas de traballo que se poden establecer para acadar os obxectivos da coeducación que pretende o centro.**

- a) Tratar de observar con rigor o currículo oculto que está presente en realidade no centro e aulas e valorar as dinámicas que se producen e que é necesario cambiar.
- b) Levar a cabo accións para preparar e predispoñer previamente ao alumnado para desenvolver a filosofía coeducativa desde unha visión positiva e perspectiva motivadora.
- c) **Partir do proxecto e compromisos coa coeducación a nivel de centro** para logo, efectuar a súa implantación e desenvolvemento nos diferentes espazos formativos (aula) en todos os ámbitos.
- d) Desenvolver accións/ intervencións específicas na procura da implicación real de todo o alumnado no desenvolvemento efectivo da igualdade, cunha visión crítica dos estereotipos e ao respecto dos factores de discriminación negativa.
- e) Procurar establecer e desenvolver estratexias motivadoras no alumnado para asegurar un nivel adecuado de compromiso coa igualdade, tratando de minimizar posibles respostas de rexeitamento ou indiferenza, cansazo ou apatía polas cuestións da perspectiva de xénero.

- f) Tratar de actuar as intervencións cun enfoque baseado na xustiza, equidade e principios da igualdade de oportunidades.
- g) Valorar e avaliar as actividades e producións do alumnado que implican compromisos e melloras no desenvolvemento das prácticas coeducadoras na aula e en cada materia.
- h) Tratar de actuar as intervencións cun enfoque baseado na xustiza, equidade e principios da igualdade de oportunidades.
- i) Avaliar tamén, os progresos, os cambios e impacto que se produce tanto a nivel de centro como en particular das actividades con finalidade coeducadora, facendo participe ao propio alumnado.
- j) Prestar atención ao proceso de convivencia no centro para conseguir que se valoren de maneira igualitaria as capacidades, os intereses e as achegas das alumnas e dos alumnos e favorecer deste xeito as relacións de igualdade e de respecto, o que repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.
- k) Considerar que é necesario e imprescindible elaborar un plan específico de Igualdade actualizado no ámbito do centro, que sirva de referente das actuacións, co fin de abordar a temática da coeducación e a prevención da violencia de xénero desde unha perspectiva estrutural, integral e transversal, no que se recollan de forma sistemática as medidas que se van desenvolver nas diferentes áreas, materias e outros ámbitos educativos, dirixidas a alumnado, profesorado e equipo de orientación/titorías.
- l) En xeral, cada centro debería dispoñer dun proxecto de fomento da igualdade de xénero desde unha perspectiva e sistemática coeducadora, incluíndo accións tanto transversais como específicas nas diferentes materias e ámbitos, establecendo indicadores de seguimento e avaliación, no marco dun proxecto de mellora continua. Asemade, deberíase prestar un especial coidado ao emprego da linguaxe non sexista, inicialmente xa nos documentos e comunicacións xerados en todo o centro, xunto coa permanente revisión de materiais curriculares coa finalidade contribuir á eliminación de estereotipos de xénero.

## **8.-Principios que inspiran o proxecto coeducativo do centro en relación coa igualdade.**





- a) **Transversalidade:** a igualdade de xénero como un principio transversal e sempre presente na actividade educativa.
- b) **Sociedade igualitaria:** a construción dunha sociedade na que homes e mulleres sexan iguais empregando a educación como medio para combater todas as formas de discriminación.
- c) **Obxectivo “violencia 0 nas aulas e na sociedade”:** é imprescindible a sensibilización e a concienciación na comunidade educativa do problema da violencia de xénero na nosa sociedade e a loita pola súa total desaparición.
- d) **Inclusión e integración da diversidade.** A educación para a aceptación da diversidade sexual e a integración plena de todas as persoas na comunidade educativa e na sociedade sen que inflúa a súa opción afectiva ou sexual.

## 9.-CONTEXTUALIZACIÓN NO I PLAN DE ACTUACIÓNS DE IGUALDADE NOS CENTROS EDUCATIVOS DE GALICIA

Para abordar o plan de intervención desde un centro educativo propónse que tome como referencia os eixos e obxectivos previstos no xa citado *I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia*, que dispoñen conxuntamente a Secretaría Xeral da Igualdade (Vicepresidencia e C. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) e Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Asemade, en consecuencia con cada un dos obxectivos, deben considerarse tanto as medidas que xa constan no dito plan como outras implementadas como equivalentes, de cara dar unha

adecuada resposta que ten encomendada o ámbito educativo e a vixente normativa en materia de igualdade e prevención da violencia de xénero, conformando así, unha aspiración destacable a desenvolver logo, mediante accións específicas desde a PXA ou Plan Anual -no caso dos CIFP- para cada curso/ano académico.

Un aspecto importante que foi promovido e que tivo unha importante repercusión para a dinamización da igualdade de xénero nos centros, a podemos observar no caso presentación de candidaturas para exercer a dirección dos centros, xa que o proxecto que se debe presentar, debe formular e dispoñer dun adecuado desenvolvemento os aspectos que se insiren nos artigos 17 e 18 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade: **Medidas conducentes a proporcionar unha educación para a igualdade**, en tanto que representan un requisito do proxecto e no caso de que non se aborden o proxecto debe ser rexeitado. Os factores e indicadores previstos para a súa valoración son os seguintes:

- *Comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos sexos.*
- *Enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente.*
- *Adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e actitudes necesarias que lles permitan atender ás súas necesidades domésticas e os labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais.*
- *Fomento das vocacións femininas nas áreas nas que estean infrarrepresentadas.*
- *Fomento das vocación masculinas nas áreas nas que estean infrarrepresentadas.*
- *Garantir a coeducación.*
- *Erradicar dos prexuizos no centro.*
- *Aplicar principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres.*
- *Explicitar medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas nos regulamentos internos dos centros.*

**O referido I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia, organízase en base a uns eixes que se insiren de seguido e que deben conformar os principios básicos de actuación para o plan específico en cada centro ou rede de centros que poidan compartir un plan conxunto de actuacións coordinadas, etc.**

*Eixe 1. afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.*

*Eixe 2. Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.*

*Eixe 3. Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística...).*

*Eixe 4. Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual e afectiva.*

*Eixe 5. Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.*

*Eixe 6. Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple (diversidade funcional, étnica, de procedencia, etc.).*

Para cada un dos citados eixes, o documento, fixa unha serie de obxectivos e mesmo para cada obxectivo formula unha serie de medidas concretas que conforman deste xeito as actividades orientadoras a nivel estándar para un Plan específico nos centros educativos, si ben require dun nivel de intervención máis elevado, concretando logo o alcance e prioridades por parte de cada centro e para cada período, etc.

De seguido insírense as medidas nunha listaxe única sen repetir, xa que dan unha idea clara do alcance, pretensións e nivel de esixencia que o citado I Plan de Igualdade nos centros educativos, nos propón e mesmo constitúe un guión claro das actuacións, xunto co enfoque nas diferentes corresponsabilidades que se suscitan, etc:

M01 Elaborar orientacións para a valoración de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero.

M02 Revisar materiais didácticos vinculados a programas e proxectos educativos co fin de garantir a perspectiva de xénero.

M03 Difundir a táboa de avaliación de materiais didácticos desde o punto de vista da perspectiva de xénero entre a comunidade educativa.

- M04 Realizar publicacións divulgativas para o profesorado co fin de difundir os principios da coeducación, da igualdade e da educación afectiva e sexual na comunidade educativa.
- M05 Realizar accións informativas con recomendacións sobre aspectos de organización e planificación nos centros desde o respecto e a integración da igualdade.
- M06 Fornecer pautas para a revisión dos documentos internos do centro para explicitar as medidas reeducativas e reparadoras aplicables no caso de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.
- M07 Crear un espazo web dentro do portal educativo para difundir a información en materia de igualdade de interese para a comunidade educativa.
- M08 Realizar accións formativas sobre materiais didácticos coeducativos.
- M09 Incluír a perspectiva de xénero e o principio de igualdade no curso de formación inicial do novo persoal funcionario docente.
- M10 Fomentar a oferta de actividades formativas no ámbito da igualdade e da violencia de xénero, así como no da diversidade afectiva e sexual.
- M11 Identificar os cursos relacionados con igualdade e coa violencia de xénero na oferta formativa do profesorado.
- M12 Constituír foros de debate e discusión interdisciplinarios co fin de garantir liñas estratéxicas comúns en Materia de igualdade.
- M13 Impulsar a formación e participación das familias a través das Escolas de Nais e Pais como instrumento de acción coeducativa e de fomento da promoción da igualdade de oportunidades.
- M14 Constituír un encontro anual para a totalidade dos axentes da comunidade educativa co fin de fomentar o debate sobre as accións que se están a desenvolver no ámbito da igualdade.
- M15 Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa que están a traballar no ámbito da igualdade.
- M16 Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa relacionados coa actividade deportiva co fin de afondar na inclusión da Muller.
- M17 Identificar e difundir as boas prácticas e Materiais de referencia para realizar unha orientación profesional e vital libre de prexuízos.
- M18 Ofertar unha Materia de libre configuración autonómica para abordar a perspectiva

de xénero na ESO e iniciar a análise para a súa inclusión na etapa de bacharelato.

M19 Impulsar un ciclo formativo superior para incluír a perspectiva de xénero na FP.

M20 Establecer un grupo interdisciplinario para a resolución das cuestións relacionadas coa inclusión da perspectiva de xénero no ámbito educativo

M21 Realizar unha guía básica de detección precoz da violencia de xénero que sirva como ferramenta de prevención entre o alumnado e proporcione pautas de actuación ao profesorado.

M22 Realizar un breve protocolo de actuación para abordar casos de condutas contrarias á convivencia por razón de xénero.

M23 Elaborar un programa educativo con perspectiva de xénero que favoreza a participación do alumnado en intervencións sociocomunitarias.

M24 Configurar e xestionar Maletas viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual.

M25 Promover unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero, en particular poñendo en valor a vocación científica e tecnolóxica no alumnado feminino.

M26 Realización de talleres e actividades educativas específicas para facilitar un proxecto persoal e profesional baseado na vocación e capacidades propias, libre de condicionamentos e usos sociais baseados en roles de xénero.

M27 Promover a imaxe das Mulleres no ámbito educativo para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade.

## **10.-ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE NOS CENTROS**

A **idea principal** é que os centros incorporen ás súas labores docentes a educación con **perspectiva de xénero, pero é preciso ser quen de detectar as situacións de desigualdade**, pero tamén priorizar sobre cales incidir, ser quen de desenvolver accións que procuren resolver as desigualdades diagnosticadas e detectar os efectos de ditas actuacións. Isto será posible a través da utilización da Perspectiva de Xénero.

**É tamén necesario, identificar cales son accións neutras ao xénero e cales as que teñen impactos negativos** sobre homes, mulleres ou sobre a igualdade. Hai que dotarse dun instrumento que facilite o traballo diario na aula do persoal docente interesado en ensinar e aprender sen estereotipos sexistas e con valores inclusivos e non excluíntes.

Debe **comprometer ao profesorado como suxeito activo do proceso de cambio do comportamento cara a equidade de xénero, e o respecto aos dereitos e deberes das mulleres e homes**. E, por último, **promover que a educación non sexista sexa un área transversal**, é dicir, que afecte a todas as decisións que se tomen no centro educativo (curriculares, pedagóxicas, administrativas).

### **En que consiste un Plan de Igualdade nun centro educativo?**

É un instrumento para ACTUAR en pro da igualdade, cuxo OBXETIVO É REDUCIR as desigualdades por razón de sexo, ou desigualdades de xénero. Un plan de igualdade **NON É**: Un instrumento desenvolvido para mulleres ou para chicas, alumnas.

**O Plan debe ter en conta** tamén a realidade concreta do centro ante o que nos atopamos; para iso, será preciso facer **unha análise da contorna no que imos actuar, os recursos cos que contaremos, as boas prácticas** que sería moi importante potenciar e as dificultades coas que nos atoparemos e que deberemos superar.

**Un plan de igualdade debe** provocar cambios estruturais dentro do centro sobre o que imos actuar; por iso hanse de contemplar uns obxectivos estratéxicos que respondan as situacións que están na base da desigualdade e obxectivos prácticos que respondan, á súa vez, a situacións provocadas polas desigualdades de xénero. Pero o plan non finaliza co seu deseño e aprobación, todo o contrario, é entón cando empeza, no momento en que desenvolvemos esas medidas propostas, que deben ser realistas e posibles de realizar no tempo de vixencia do plan.

**Entendemos que un plan de igualdade serve para:** sensibilizar e promover unha cultura non discriminatoria; facer visibles os desequilibrios existentes entre sexos (as normas, costumes e estereotipos excluíntes); dispor de accións correctoras; reducir as desigualdades entre mulleres e homes; identificar instrumentos de medición da evolución das desigualdades

**Cal é o principal criterio a ter en conta?** Aplicar a perspectiva de xénero a todo o traballo que vaíamos realizar. Deberemos, por tanto: Analizar as causas da diferenza de roles.

**No que atinxe as posibles fases de elaboración do Plan,** debemos condiderar unha serie **de pasos previos** á súa elaboración: Pertinencia de xénero. Determinar se é determinante a variable sexo nas realidades analizadas. **Para a elaboración do plan é preciso abordar tres pasos básicos:**

1. Identificar. Diagnosticar a situación de desigualdade entre sexos ou a de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
2. Planificar e executar. Diseñar políticas ou programas específicos que dean resposta ás necesidades detectadas no diagnóstico e aplicando a pertinencia de xénero, é dicir identificando a variable sexo como variable clave explicativa
3. Avaliar. Analizar os resultados e efectos de programas e políticas para valorar a efectividade das medidas.

No devandito proceso **é precisa a participación activa do profesorado e alumnado** a través de organizacións que lles representen, do mesmo xeito que de persoal técnico en xénero e en elaboración de proxectos e procesos. Neste senso, **antes de levar a cabo un plan de igualdade** haberá que analizar con detemento cal é a realidade da institución educativa sobre a que imos actuar, **para iso debemos**:

1. **Identificar as necesidades e problemas do noso centro.** O primeiro paso supón coñecer as normas legais e sociais e a estrutura dos desequilibrios de xénero existentes e sobre os que se quererá actuar. Trátase, por tanto, de facer visible o problema e mostrar a necesidade de actuar para o cambio que iso levará nun futuro próximo se quere erradicarse dita problemática.
2. **Analizar cales son as prioridades e obxectivos.** Unha vez identificada a problemática cabe exporse cales poden ser os obxectivos a lograr. Pór unha orde de obxectivos que combinen a posibilidade de actuar a curto e a longo prazo

**O diagnóstico vai ser o punto de partida e a xustificación do por que debemos de actuar.** Neste sentido, é importante concentrar os esforzos en identificar a información relevante que enmarque con maior claridade o problema. Isto é o que se chama **“Información Diana”**. No momento de realizar un diagnóstico pódese expor **un de máximos ou un de mínimos**, é dicir, a obtención de información perfecta é, en moitas ocasións desexable, pero pouco factible. A escaseza de recursos materiais para iso pode ser o primeiro limitante., pero a de recursos humanos ou a de tempo de recollida de información tamén. **Coñecer estes recursos é imprescindible** para abordar un diagnóstico rigoroso e limitado á nosa capacidade de identificación. O diagnóstico en cada centro debe ser **capaz de capturar a realidade** en que alumnas e alumnos atópanse (enfoque de xénero).

**Para poder realizar un bo diagnóstico,** debemos de aprender a mirar e observar o noso centro escolar; como se relacionan mozos e mozas, como se utilizan os materiais escolares, os coñecementos que se imparten nas aulas, as expectativas do profesorado e

do alumnado, os contidos e a linguaxe utilizada polos libros de texto, os xogos, as relacións do profesorado e as familias, a configuración do horario lectivo, etc.

## 11.-A COEDUCACIÓN COMO SISTEMA A DESENVOLVER NA AULA

Partimos da base de que a coeducación *é un proceso intencionado de intervención que potencia o desenvolvemento de alumnos e alumnas partindo da realidade de dous sexos diferentes, e que persegue un desenvolvemento persoal e unha construción social común e non enfrontada*. Trátase de redefinir o que entendemos por educación, máis aló de saberes técnicos e académicos, para abarcar, tamén, a educación emocional e afectiva.

Pero **a coeducación** é tamén un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e unha efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

- **Significa: educar desde a igualdade de valores das persoas**<sup>1</sup>
- **Implica:** superar a confrontación entre intelixencia e afectividade e considerar os sentimentos e relacións interpersoais campos frutíferos para o desenvolvemento de esquemas cognitivos e estudo obrigado para aprender a deslindar e relacionar os fenómenos físicos e humanos polos que transcorre a vida cotiá do alumnado.<sup>2</sup>
- **Implica tamén:** educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo.

Como debe ser entendida a coeducación? Como un sistema que aboga por unha educación sen sesgos sexistas, que ten en conta os procesos na construción das identidades femininas e masculinas, que observa e analiza as discriminacións para podelas contrarrestar, que anula as limitacións que reflicten claramente os estereotipos de xénero e que potencia a educación en coñecementos, actitudes, valores e comportamentos no desenvolvemento íntegro das persoas no mundo, na vida doméstica, persoal e na participación cidadá. Cando menos, debemos procurar cumprir establecido no art. 27.2 da Constitución Española: *A educación terá por obxecto o pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e liberdades fundamentais*.

<sup>1</sup> «*Luchemos por un mundo donde seamos socialmente iguales, humanamente diferentes y totalmente libres*». Rosa de Luxemburgo

<sup>2</sup> «*Docentes y profesionales de la educación tenemos en nuestras manos una herramienta muy valiosa que es la MEDIACIÓN*». (La coeducación en el aula\_Revista\_AM\_3\_mayo2016)



## 12.-PROPOSTAS PARA A CONVIVENCIA: ENFOQUE COEDUCATIVO

Como propostas xerais máis saliantables podemos indicar as seguintes, si ben debemos entender que un enfoque coeducativo implica en xeral bastante máis que o imaxinario xeral así establecido, e iso o coñecen ben as persoas que teñen afondado e traballado seriamente neste modelo e metodoloxía:

- Incorporar os valores positivos asignados tradicionalmente ás mulleres.
- Previr condutas violentas.
- Aprender a dialogar.
- Afrontar os conflitos de forma positiva (Transmite de forma clara a distinción entre "diferenza" e "desigualdade").
- Resolver os conflitos desde o diálogo.
- Rexeitar a violencia (Destaca a diferenza entre "conflito" e "violencia").
- Explorar novos camiños para o entendemento e o diálogo.
- Cuestionar os estereotipos culturais.

Marian Moreno, profesora do IES Emilio Alarcos de Gijón e docente do profesorado en materia de coeducación considera que *“Cuando el profesorado recibe formación en coeducación, abre los ojos y empieza a trabajar para llevar al aula la igualdad”*, polo tanto, a formación do profesorado en materia de coeducación constitúe un factor moi importante, por non dicir, determinante, para logo afrontar o estilo educativo coeducativo nos centros.

### Que pasos podemos seguir para por en práctica a coeducaciónna aula:<sup>3</sup>

1. A coeducación comeza no recoñecemento das alumnas e alumnos.
2. Crear espazos de confianza e relación.<sup>4</sup>
3. Habitar o espazo e o tempo.
4. Rescatemos as experiencias e os saberes das mulleres en todas as materias.
5. Habitemos a linguaxe.
6. Aprender a relacionarnos na aula, desde o respecto.

**Igualdade e diferenza: dous conceptos que non deben confundirse. Ser iguais non debe confundirse con ser idénticos.**

<sup>3</sup> É necesario acender a chama da igualdade no alumnado, sensibilizalo no tema para provocar a súa receptividade. (La coeducación en el aula\_Revista\_AM\_3\_mayo2016)

<sup>4</sup> A intelixencia busca, pero quen atopa é o corazón. George Sand.

- O problema non está na diferenza, que é en si algo natural, senón na discriminación inxusta.
- A igualdade ábrenos un mundo de oportunidades e vivencias que tradicionalmente pertencían só a un ou outro sexo.
- Igualdade é construír relacións equitativas entre os dous sexos, co mesmo valor, e distintas experiencias e miradas.<sup>5</sup>

Debemos formularnos sempre as seguintes preguntas ¿Qué salvamos e qué descartamos do modelo masculino? Pero tamén nos temos que preguntar ¿Qué preservamos e qué eliminamos do modelo feminino? A resposta debe ser necesariamente: conservar *todo aquilo que leva á consecución da liberdade individual e á mellor convivencia entre as persoas/ os seres humanos, sen violencias nin dominios*. Claro que isto supón unha labor concienzuda, constante, militante e reflexiva do profesorado con accións estratéxicas en cada un dos ámbitos educativos que, en ocasións, require desmontar clichés, non somentes entre o alumnado, senón entre quen comparten claustro. Pero si se consegue un equipo de docentes, en cada centro educativo, que lleve a efecto este compromiso coa coeducación, serán posibles os cambios na dirección que se ten indicado

¿E qué obxectivos concretos poden abordarse nun centro o traballo de aula desde unha filosofía coeducadora? Aqueles que van encamiñados, fundamentalmente, a **dous eixos paralelos** e non priorizados: **organización-funcionamento e aprendizaxe-formación**.

#### **De que falamos cando nomeamos a igualdade na xestión de aula?**

- De algo tan xusto como ser tratados da mesma forma ante a lei.
- De algo tan importante como poder participar coas mesmas oportunidades en todos os ámbitos da sociedade.
- De algo tan imprescindible como non temer pola túa vida nin pola túa seguridade ou a das persoas que queres.
- De algo tan fundamental como non sufrir a discriminación ou o acoso por cuestión de sexo.
- De algo tan valioso como sentir a autonomía e a liberdade.
- De algo tan complexo como é construír relacións baseadas no respecto.
- De algo tan sensato como compartir dereitos e obrigacións na vida persoal, familiar, social e profesional.

---

<sup>5</sup> Amparo Tomé nos suxire que consideremos que no relativo á coeducación na aula, *todo está relacionado con todo* e que se precisa, pola súa vez, *UN CAMBIO DE MIRADA*

- De algo tan importante como é recoñecer que mulleres e homes portamos valores, coñecementos e experiencias que herdamos de séculos de historia e que son imprescindibles para o desenvolvemento da humanidade.
- De algo tan interesante como descubrir que podemos reinventarnos e ser todo o que soñemos, sen sentir ningún obstáculo polo feito de ser home ou muller.
- De algo tan especial como que todo ser humano poida desenvolver todo o seu potencial afectivo, intelectual, artístico ou físico.
- Cando falamos de igualdade estamos a falar de todo isto, de vivir plenamente recoñecendo toda a nosa experiencia, capacidades e valores, como mulleres e homes.<sup>6</sup>

### **13.-O TRABALLO DE AULA EN BASE AOS PRINCIPIOS DE EQUIDADE, INCLUSIÓN E ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

Igualdade non é o mesmo que EQUIDADE. Mellor falar de equidade que de igualdade. Si ben esta distinción non debería prestarse a confusión, especialmente no ámbito educativo, aínda podemos observar como non se manexan adecuadamente e inclusive se apela a unha equidade que en realidade non pasa de ser en xeral un nivel igualitario con pequenas adaptacións de atención á diversitaria leve. Pero, o que debemos é asegurar que estamos ante unha ESCOLA INCLUSIVA, e cunhas actuacións, obxectivos e traballo de aula que favorecen a inclusión.

Son numerosas as autorías e persoas expertas en materia de igualdade que nos lembran con certa frecuencia, que si o modelo é igualar a muller aos homes, entón o modelo non serve. Hai que tratar de forma desigual ao desigual para igualalo/a. Pola súa vez, falar de oportunidades para todos/as non é tratar a todo o mundo igual. Non son os valores dominantes os que hai que inculcar na educación, senón que hai que ir en ocasións, a contracorrente.

A educación transmite non so un saber teórico senón que tamén un saber práctico, inculcando hábitos de conduta, o que require tempo e exemplo. Si falamos de COEDUCACIÓN o nivel de esixencia é aínda maior, no que atinxe aos exemplos de boas prácticas e cun enfoque motivador na xestión de aula e en particular, nos procesos de ensino-aprendizaxe pero tamén de avaliación.<sup>7</sup>

<sup>6</sup> “A primeira tarefa da educación é axitar a vida, pero deixala libre para que se desenvolva”. Maria Montessori

<sup>7</sup> Suxestións de lecturas: Derradeiro libro de César Bona (*La Nueva Educación*) e dous libros de Catherine L’Ecuyer (*Educar en el Asombro*, *Educar en la realidad*)

## **14.-COEDUCAR COMO PRINCIPIO DE EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES**

Non debemos perder de vista nas actividades de aula que a escola coeducativa ten como obxectivo a eliminación de estereotipos entre sexos superando as desigualdades sociais e as xerarquías culturais entre alumnos e alumnas.

A lixitimación da coeducación ven dada porque a escola e cada un dos espazos formativos ou aulas/materia, non deben ser unha institución reprodutora de desigualdades e debe ser unha institución de recoñecemento da diferenza. O seu coñecemento empírico está baseado na socioloxía da educación a través do coñecemento das especificidades de ambos grupos sexuais e das distintas expresións de sexismo e **fomentando a iguade de oportunidades**.

A proposta pedagóxica está fundamentada en que a formación e a educación se imparten en condicións de igualdade para ambos sexos e na que non se poñen límites ás aprendizaxes a recibir por cada un deles. **garantir a accesibilidade universal, o deseño para todos e todas, a inclusión**. Temos que partir de que o concepto de coeducación é dinámico e flexible e polo tanto, así deben ser tamén as actividades no seu desenvolvemento na aula e en xeral todas as que se promoven no conxunto do centro, ben sexa de forma transversal ou específicas nun ámbito ou obxectivo concreto.

### **14.1.-Cal debe ser o obxectivo último da coeducación e en particular, tamén a perspectiva desde o traballo na aula?**

Consideramos que o referido obxectivo debe orientarse cara unha transformación das relacións entre homes e mulleres nun marco **equitativo** superando a **xerarquización** de xénero. Este obxectivo convida a potenciar a transgresión de roles estereotipados por parte das mulleres, pero tamén dos homes para que os roles se crucen e non se cosifiquen por sexo para a igualdade de oportunidades entre Mulleres e Homes. Pola súa vez, tamén implica que a resolución de conflitos debe acordarse de forma pacífica e práctica e non violenta.

Cal debe ser entón a estratexia xeral dun centro e finalmente, tamén do traballo na aula?

- Partir do PEC no que a coeducación estea planificada e coordinada, acorde cos recursos dispoñibles+NOF (RRI)
- Asegurar a implicación do propio centro (profesorado que o vai poñer en práctica), xunto co coñecemento e competencia na materia.

- Proxecto de dirección+PXA+Plan de Convivencia do centro (*xunto co Plan específico de Igualdade*)+ aspectos concretos do PXAD.
- Desenvolvemento dos procesos de comunicación e aplicación das medias con elementos realistas pero innovadores, motivadores e avaliando o seu progreso e impacto.

#### **14.2.-Elementos que se poden considerar clave en novas experiencias coeducadoras**

a.-Aspectos xerais que podemos ter en conta:

- O propio deseño da experiencia coeducadora e en particular, a que ten lugar na aula pero en relación e coordinación do proxecto do centro e cos obxectivos establecidos na PXA, Plan de Convivencia, PXAD, etc.
- Estudo e análise previa do contorno para adaptar a intervención ás necesidades existentes. Considerar tamén a propia diagnose en base á situación específica dunha aula/grupo, cando se trata de intervencións específicas a partires do currículo das materias.
- Dirixir as actuacións ao conxunto da comunidade educativa, pero especialmente ao propio profesorado e alumnado, de xeito que as intervencións de aula respondan e sexan coherentes coas propostas do proxecto de centro e dos requirimentos xerais da normativa e plan de igualdade na CA para o eido educativo.
- Prever os recursos e materiais para a súa realización, inclusive nos diferentes ámbitos de intervención específica, como por exemplo, as que se levan a cabo na aula.
- Contar con mecanismos de supervisión e posibles modificacións en casos en que súa evolución non sexa positiva ou non respondan ao grao de efectividade prevista.
- **Especialmente**, planificar e coordinar as actuacións con perspectiva dun enfoque motivador e dispoñendo de indicadores de avaliación do progreso e do posible impacto.

b.-Que aspectos específicos que debemos abordar en relación coa metodoloxía e o desenvolvemento das experiencias?

- Desenvolver propostas participativas, coas debidas interaccións, nas que interveñan os axentes implicados, desde o alumnado, dirección do centro, persoal docente e familias. Nos proxectos de aula, contar con axentes externos que estean a desenvolver actuacións similares de coeducación noutros centros.

- Atender aos contidos do currículo explícito (transmisión de contidos e coñecementos) pero tamén ao implícito (formas e valores transmitidos). Atender tamén as cuestións coñecidas como o “Currículo oculto”.
- Traballar no dobre plano da sensibilización-acción, pero observar tamén a retroalimentación que se produce na aprendizaxe, interiorización e posta en práctica das accións coeducadoras.
- Promover e desenvolver actuacións dinámicas, amenas, motivadoras e participativas, na medida e ritmos que van sendo asumidos tamén polo alumnado destinatario.
- Abrir espazos para a reflexión, para a divulgación e debate durante as intervencións,
- Impulsar, introducir e realizar o seguimento de elementos que aseguren a transversalidade das actuacións. Considerar a experiencia coeducadora, tamén baixo a concepción de **transversal de transversais**

#### **14.3.-Que debemos considerar en relación co seguimento dos resultados, tanto a nivel de centro como do propio traballo de aula/espazos formativos?**

- Prever ferramentas, tempos e recursos para analizar os cambios producidos e o seguimento dos resultados obtidos.
- Realizar o seguimento en diferentes niveis de acción: centro e aula (espazos formativos), áreas/materias, departamento de orientación, titorías, etc
- Realizar o seguimento sobre distintas dimensións: materiais didácticos, intervención docente, uso de espazos, comunicacións e mecanismos de reprodución da desigualdade.

En todo caso, podemos concluír que o primeiro que hai que facer para emprender unha experiencia coeducadora e realizar unha análise previa do contexto no que se vai a desenvolver para coñecer:

- Desde que situación se parte en cada caso, e que punto ou nivel de intervención se pretende acadar a medio e longo prazo.
- Que aspectos en materia de igualdade e entre homes e mulleres é necesario traballar con maior ou menor intensidade,
- O grao de compromiso entre a comunidade educativa en xeral, pero tamén entre a dirección do centro, profesorado, o alumnado e familias. No caso de proxectos coeducadores en aula, interesa especialmente o compromiso do profesorado e do alumnado. No caso do alumnado, hai que traballar previamente este compromiso.

- As posibles alternativas de actuación que mellor poderían adaptarse ao contexto concreto.

Hai un certo consenso en que o profesorado debe de fixarse especialmente en cuestións como as que se insiren de seguido, si ben o diagnóstico de partida que se faga en cada caso, nos debe determinar o nivel de intervención con cada uha das seguintes propostas:

- Examinar os contidos e materiais utilizados dentro do proceso educativo para evitar incluír elementos sexistas, emular modelos femininos, etc.
- Detectar as situacións de desigualdade que se poden dar no espazo educativo observando as condutas, actitudes, a linguaxe, percepcións e roles masculinos e femininos, a vida profesional, as súas expectativas de futuro, etc.
- Impulsar o empoderamento da muller introducindo figuras femininas relevantes dentro dos contidos, fomentando a participación das alumnas cuestionando os modelos tradicionais das relacións de xénero dentro do espazo educativo.
- Intervir para o desenvolvemento integral das alumnas e alumnos en igualdade.

Si ben as opcións para desenvolver iniciativas en materia coeducativa son moi variadas, a modo de exemplo, podemos citar algunhas que conforman unha proposta orientativa para emprender o proceso de cambio no estilo educativo pero tamén no que atinxe á práctica coeducadora desde os centros en xeral e do profesorado, en particular:

- Asignaturas onde se reflexiona acerca da igualdade de oportunidades.
- Materias nas que se introduce a perspectiva de xénero nos exemplos utilizados, nos modelos a seguir, etc.
- Prácticas que involucran ao alumnado a participar de forma igualitaria.
- Implicar ao profesorado e as familias na formación para educar coeducativamente.
- Exercicios de utilización da linguaxe non sexista en carteis, documentos, ...
- Incentivos ao uso igualitario dos espazos como o patio, zonas deportivas, laboratorios, ...
- No relativo ao fomento da coeducación na aula, considerar na propia programación: Criterios de avaliación-estándares de aprendizaxe avaliáveis valorando o nivel **de uso e compromiso do alumnado coa utilización da linguaxe e perspectiva coeducadora.**

En definitiva, do que se trata é de contribuír tamén a previr e evitar a violencia no ámbito escolar pero tamén desde a propoia intervención dos programas educativos e esta prevención pode ter logros si se actúa desde as seguintes premisas:

- Fomentando e desenvolvendo habilidades e capacidades para a convivencia.

- Xerando contornas que fomenten a igualdade efectiva, equidade e inclusión.
- Levando a cabo boas prácticas de resolución dos conflitos mediante o diálogo e rexeitamento da violencia, aplicando a filosofía coeducadora con intervencións a diferentes niveis do ámbito escolar.
- Considerando como mellora continua a intervención con perspectiva de xénero en todos os ámbitos do centro e moi especialmente na intervención con actividades de aula e de forma coordinada con outras aulas do centro, etc.
- Preguntándose e reflexionando no ámbito de cada centro pero tamén en relación con outros profesionais do ensino, para que coeducamos.

Como conclusións da coeducación na aula desde a perspectiva motivadora, podemos suxerir algunhas como as que se propoñen a continuación, pero sen perder de vista que o realmente importante é o compromiso e a dinamización de intervencións motivadoras para que o alumnado, pero tamén toda a comunidade educativa, interiorice a necesidade dun auténtico estilo educativo coeducado. En cosecuencia, proponse:

- É necesario observar con rigor o currículo oculto que está presente en realidade na aula e valorar as dinámicas que se producen e que é necesario cambiar.
- Convén preparar e predispoñer previamente ao alumnado para desenvolver a filosofía coeducativa desde unha visión positiva e perspectiva motivadora.
- Partir do proxecto e compromisos coa coeducación a nivel de centro para logo, efectuar a súa implantación e desenvolvemento nos diferentes espazos formativos (aula).
- Desenvolver accións/ intervencións específicas na procura da implicación real de todo o alumnado no desenvolvemento efectivo da igualdade, cunha visión crítica dos estereotipos e ao respecto dos factores de discriminación negativa.
- Levar a cabo estratexias motivadoras no alumnado para asegurar un nivel adecuado de compromiso coa igualdade, tratando de minimizar posibles respostas de rexeitamento ou indiferenza, cansanzo ou apatía polas cuestións da perspectiva de xénero.
- Procurar un enfoque das intervencións baseado na xustiza, equidade e principios da igualdade de oportunidades.
- Valorar e avaliar as actividades e producións do alumnado que implican compromisos e melloras no desenvolvemento das prácticas coeducadoras na aula e en cada materia.



- Avaliar os progresos, os cambios e impacto que se produce tanto a nivel de centro como en particular das actividades con finalidade coeducadora, facendo partícipe ao propio alumnado. A avaliación dun proxecto coeducativo consiste na comparación entre a situación final que se acadou respecto da promoción da igualdade no centro e a situación inicial que deu orixe ao proxecto. Non é posible afirmar que un proxecto ten éxito se non está contribuíndo a corrixir as desigualdades de xénero que se producen na escola, na aula, etc.
- Considerar na formulación da avaliación dos proxectos, a situación (datos información e indicadores) de desigualdade inicial que fundamenta a realización do proxecto coeducativo, fixar indicadores de comparación e avaliación para logo ser quen desde un centro ou desde unha intervención específica de visualizar con claridade os avances (datos, información e indicadores) en termos de (desigualdade na escola no momento de finalización da implantación dun proxecto coeducativo nun determinado período. Un aspecto que pode resultar facilmente motivador pode levarse a cabo formulando cuestionarios de medición do uso da linguaxe non sexista en todos os ámbitos do centro e avaliar o seu progreso/evolución, dinamizando melloras graduais con respecto ao dito uso, en tanto que unha percepción de mellora por quen ten que efectuar cambios e corrixir condutas e usos da linguaxe non sexista, constitúe en si mesmo un elemento motivador.

## 15.-APLICACIÓN DA TEORÍA DOING GENDER: EXEMPLO DUN TRABALLO DE INVESTIGACIÓN REALIZADO CON PROFESORADO DE EDUCACIÓN FÍSICA

Esta teoría que foi desenvolvida desde a socioloxía estadounidense (West y Zimmerman, 1987), argumenta que *o xénero non se pode entender nin como un conxunto de trazos/rasgos nin unha variable ou atributo da persoa, senón que nace produto de interaccións sociais, encamiñadas á produción da orde social de xénero*<sup>8</sup>. O xénero é polo tanto, unha forma de dar sentido ás accións, é un sistema de significados que organiza as interaccións e lles da un sentido direccional. O poder desta teoría radica

---

<sup>8</sup> [Piedra, J.; García-Pérez, R.; Fernández-García, E. y Rebollo, M.A. (2014). Brecha de género en educación física: actitudes del profesorado hacia la igualdad / Gender gap in physical education: teachers' attitudes towards equality. *Revista Internacional de Medicina y Ciencias de la Actividad Física y el Deporte* vol. 14 (53) pp. 1-21. [Http://cdeporte.rediris.es/revista/revista53/artbrecha438.htm](http://cdeporte.rediris.es/revista/revista53/artbrecha438.htm)]

na capacidade de sinalar que as microopresións constitúen a experiencia diaria das discriminacións sexistas e sosteñen a estrutura social que as perpetúa (Kitzinger, 2009). E consecuencia co indicado anteriormente, o xénero non existe no individuo senón nas interaccións entre as persoas (Crawford y Chaffin, 1997), e polo tanto, a citada teoría entende a construción do xénero, por un lado como *tarefa individual de cada persoa e polo outro, como un constructo social elaborado nas relacións interpersoais* (West y Zimmerman, 1987). Deste xeito, na actualidade temos un sistema social que funciona en tres niveis: *Nivel Sociocultural, Nivel Relacional ou Interactivo, Nivel Individual ou Persoal*.

A referida teoría Doing Gender, comparte coa teoría Sociocultural iniciada por Vygotsky, a idea de que *unha persoa constrúe a realidade a través da interacción co contexto. A internalización, a apropiación e a privilegiación son constructos clave no estudo das actitudes do profesorado cara á igualdade de xénero*. Por exemplo, a posición do profesorado de Educación Física pode variar polas súas crenzas, actitudes e accións desde a reprodución dos modelos hexemónicos de xénero imperantes na sociedade, ata a resistencia ao devanditos modelos (Chepyator-Thomson e Ennis, 1997; Adoitar, 2009; Wright, 2002). Rebollo, García-Pérez, Pedra e Veiga (2011) fan referencia a tres tipos de posicionamentos do profesorado ante a igualdade de xénero.

Unha baixa puntuación describe unha actitude “bloqueadora” de adscrición e legitimización do contexto proposto pola institución dominante, a cal tenta bloquear a construción do xénero por medio de accións de resistencia contra os modelos sociais diferentes. Unha puntuación media implica unha actitude “adaptativa”, a cal se adhire e lexitimiza o contexto dominante pero adáptase ás situacións provocadas polo réxime normativo. Por último, as puntuacións máis altas correspóndense cunha actitude “coeducativa”, o profesorado resistese aos principios propostos socialmente, cuestionando a realidade de xénero e buscando outras explicacións que sexan máis coherentes coa percepción de xénero.

As diferenzas atopadas entre as actitudes do profesorado en activo e en formación revelan necesidades formativas do profesorado nesta materia. Unha formación orientada á interacción, á cuestión curricular, e a todo o que teña que ver coa práctica educativa, que se mostra como especialmente necesaria á luz dos baixos resultados alcanzados na subescala relacional. Neste sentido, Anguita e Torrego (2009) sinalan *a oportunidade que supoñen os novos plans de estudo para a formación inicial do profesorado en*

*competencias de xénero e a necesidade de incluír contidos e materias sobre coeducación e igualdade.*

En resumo, coincidimos con diversas autorías a esta respecto, en que unha formación específica en materia de xénero faise necesaria entre o profesorado de Educación Física (García e Asins, 1994; García-Pérez, Rebollo, Veiga, Barragán, Caixa de correos e Pedra, 2011; Scraton, 1993; Vázquez, Fernández-García e Ferro, 2000), aínda que dita formación non debe de ir encamiñada só a ampliar os coñecementos teóricos senón tamén a internalizar un amplo espectro de prácticas, actividades, modos de comunicación que o leven a estar nunha posición máis flexible para o desenvolvemento das identidades dos seus pupilos e cambiar a cultura de xénero na escola (Brown e Rich, 2002). Coa devandita formación, o profesorado ha de adquirir competencias de emprendizaxe de xénero que o leven a dinamizar a cultura escolar facendo dos seus coñecementos, habilidades e destrezas unha ferramenta para alcanzar o devandito obxectivo. Polo tanto, o profesorado como axente de cambio, ha de xogar un papel moi relevante na construción dunha cultura de xénero na escola (Flintoff, 1993).

Pola súa vez, se ben se están dando pasos importantes, faise necesario emprender tamén estudos que afonden nos efectos dos programas de formación do profesorado en activo e en particular, no que atinxe a formación en materia de xénero. Pero en todo caso, a obriga do profesorado, entendemos que debe ir máis aló de ser simples transmisores de coñecementos e iso nos leva a buscar a adquisición de competencias de emprendizaxe de xénero. Todo iso esixe redeseñar novas estratexias de formación a prol dunha formación crítica, con iniciativa persoal e que teña en conta as emocións ás que os cambios na cultura de xénero parece inevitablemente unida (Dowling, 2008a).

Compartimos tamén a opinión de Sheila Scraton (1992) cuxa investigación sobre actitudes do profesorado abrangue só unha parte da problemática do xénero, e somos conscientes das limitacións da metodoloxía cuantitativa no estudo da igualdade de xénero nas clases de Educación Física. Outros estudos como os de Vázquez, Fernández-García e Ferro, (2000) poñen nun primeiro plano as diferenzas entre o que o profesorado di e o que fai nas clases. Esta é a razón pola que propoñemos traballar con metodoloxías cualitativas que nos permitan coñecer as prácticas de ensino sobre igualdade entre mulleres e homes. Finalmente, proponse a fio de todo isto, tendo en conta, estudos como o que se ten mencionado sobre as actitudes coa igualdade de xénero por parte do profesorado de educación física e outros moitos que se veñen realizando ao respecto, deberían ser completados sinerxicamente polo resto de axentes

implicados no proceso de construción da cultura de xénero, como familias, alumnado, ou a escola en si mesma, o que nos permitirá unha explicación máis completa e real sobre a situación da igualdade de xénero nas clases de diferentes materias a nivel de diversos ámbitos específicos dun centro, por exemplo.

Na seguinte táboa podemos observar o modelo de cuestionario empregado no estudo levado a cabo por PIEDRA, J.; GARCÍA-PÉREZ, R.; FERNÁNDEZ-GARCÍA, E. Y REBOLLO, M.A. (2014). Brecha de género en educación física (9)

<b>Escala de actitudes do profesorado cara a coeducación</b>		<b>CD</b>	<b>D</b>	<b>¿?</b>	<b>A</b>	<b>CA</b>
-2= Completamente en desacordo; -1 = En desacordo; 0 = Indiferente; 1 = De acordo; 2 = Completamente de cordo						
1	A actual lexislación sobre coeducación beneficia e promociona á muller por encima do home	-2	-1	0	1	2
2	A actual lexislación sobre coeducación prexudica aos mozos	-2	-1	0	1	2
3	Se o material didáctico é bo, non importa que teña elementos sexistas	-2	-1	0	1	2
4	Leis de igualdade eran necesarias desde fai xa moito tempo	-2	-1	0	1	2
5	A actual lexislación sobre xénero na escola pode beneficiar non só ás mulleres	-2	-1	0	1	2
6	As leis referente ao xénero na escola tratan un problema inexistente	-2	-1	0	1	2
7	É indiferente que un profesor ou profesora sexa homosexual	-2	-1	0	1	2
8	Cando se cambiou á escola mixta empezaron os problemas de disciplina	-2	-1	0	1	2
9	A escola mixta xera máis problemas dos que resolve	-2	-1	0	1	2
10	Parece lóxico que o coidado do material de laboratorio de ciencias sexa unha responsabilidade que asuman fundamentalmente os profesores homes	-2	-1	0	1	2
11	Un criterio que uso á hora de seleccionar un material	-2	-1	0	1	2

<sup>9</sup> PIEDRA, J.; GARCÍA-PÉREZ, R.; FERNÁNDEZ-GARCÍA, E. Y REBOLLO, M.A. (2014). Brecha de género en educación física: actitudes del profesorado hacia la igualdad / Gender gap in physical education: teachers' attitudes towards equality. Revista Internacional de Medicina y Ciencias de la Actividad Física y el Deporte vol. 14 (53) pp. 1-21. <http://cdeporte.rediris.es/revista/revista53/artbrecha438.htm>

	didáctico é que a linguaxe non sexa sexista					
12	En clase utilizo sempre o masculino para referirme a os mozos e ás mozas porque é correcto	-2	-1	0	1	2
13	Cando nun cartel ou documento público do centro utilizouse unha linguaxe sexista preocupome de facelo saber ao equipo docente e/ou directivo	-2	-1	0	1	2
14	Só me fixo se un texto ten linguaxe sexista cando me fan fixarme niso	-2	-1	0	1	2
15	Cando teño que pór un exemplo para explicar un concepto, evito utilizar a imaxe tradicional de homes e mulleres	-2	-1	0	1	2
16	O xénero non é algo que se traballe na miña programación	-2	-1	0	1	2
17	Nos documentos de traballo (programacións, memorias,?) procuro utilizar unha linguaxe non sexista	-2	-1	0	1	2
18	Adoito tardar máis tempo en explicar un concepto ás mozas que aos mozos	-2	-1	0	1	2
19	Non me relaciono ben coas profesoras lesbianas porque son máis agresivas	-2	-1	0	1	2
20	Nas charlas do profesorado avergónname especialmente as bromas e chistes machista que ridiculizan ás mulleres e/ou homosexuais	-2	-1	0	1	2
21	Creo que os mozos resolven os problemas e actividades prácticas antes que as mozas	-2	-1	0	1	2
22	Gústame máis traballar coas nenas porque son máis estudosas	-2	-1	0	1	2
23	Gústame máis traballar cos nenos porque son máis dinámicos	-2	-1	0	1	2
24	É unha esaxeración crear a figura de coordinador/a de coeducación nos centros de Educación primaria	-2	-1	0	1	2
25	Os homes están máis capacitados para postos directivos	-2	-1	0	1	2
26	Os mozos están máis preparados para algunhas materias que as mozas	-2	-1	0	1	2

27	Encher enquisas sobre sexismo nas aulas non serve para nada	-2	-1	0	1	2
28	A dirección e o mando son máis innatos nos mozos que nas mozas	-2	-1	0	1	2
29	O traballo con mozas é máis complicado porque se distraen con facilidade	-2	-1	0	1	2
30	Non sei por que se creou a figura de coordinador/a de coeducación	-2	-1	0	1	2

## 16.-REFERENCIAS NO CURRÍCULO REGULADOR DA PRÁCTICA DOCENTE NAS DIFERENTES ETAPAS EDUCATIVAS

Para valorar o nivel de intervención que se establece no currículo regulador da práctica docente, resulta necesario, centrar a busca e localización nos currículos das diferentes etapas educativas, e especialmente na procura dos seguintes termos/expresións:

- Igualdade de oportunidades,
- Igualdade efectiva..
- Igualdade real ..
- Igualdade entre...
- Non discriminación
- Coeducación
- Equidade/inclusión, etc

Como referentes máis saliantes podemos destacar neste momento os seguintes:

- **A anterior materia de Educación para a Cidadanía (Currículo LOE\_Decreto 133/2007).** No bloque 5 a *igualdade entre homes e mulleres, abórdase como bloque con entidade propia para posibilitar a reflexión sobre a loita das mulleres polo recoñecemento da igualdade de dereitos e oportunidades, do papel de suxeitos históricos e de cidadanía e o rexeitamento de todas as formas de discriminación que, de feito, aínda sofren.* [neste decreto non figura nin unha soa vez o vocable "coeducación"]
- ORD\_ECD-1545/2015 que se establece o Currículo de Promoción da Igualdade de Xénero e tamén xa o borrador de currículo deste ciclo na Comunidade Autónoma de Galicia (CA), que se publicará en breve.
- Currículo da materia de libre configuración de centros (ESO1-ESO2) da CA de Galicia

- Currículos de Educación Infantil+Educación Primaria+ESO e BAC da CA de Galicia.
- Decreto Lexislativo 2/2015 polo que se aproba o texto refundido\_disposicións da CA de Galicia, en materia de igualdade (CAPÍTULO IV)
- I Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos Galicia 2016-2020

Podemos destacar que resulta algo contradictorio que por exemplo **no Decreto Lexislativo 2/2015 polo que se aproba o texto refundido\_disposición da CA de Galicia en materia de igualdade, DOG do 17/02/2016 (Capítulo IV), figure unha soa vez o termo COEDUCACIÓN. De todas formas no seu artigo Art.17.1 establece** que a *Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a lles proporcionar, tanto ás mulleres coma aos homes, unha educación para a igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptarse ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación:*

- a) *A comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos os sexos como obxectivo de especial atención, sen que, en ningún caso, se admitan contidos, metodoloxía ou criterios de avaliación transmisores, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.*
- b) *O enriquecemento do contido curricular coas contribucións ao coñecemento humano realizadas polas mulleres no pasado e no presente, e co axeitado reflexo do papel das mulleres na evolución histórica.*
- c) *A adquisición, en alumnos e alumnas, dos coñecementos e das actitudes necesarias que lles permitan, cando acaden a madurez, atender as súas propias necesidades domésticas e os labores familiares compartidos, inclusive as cargas parentais e a atención de familiares que, por dependencia, necesiten a asistencia doutras persoas, mulleres ou homes.*
- d) *O fomento das vocacións femininas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentadas as mulleres e o fomento das vocacións masculinas naquelas áreas onde se atopen infrarrepresentados os homes, buscando evitar as decisións profesionais derivadas de prexuízos.*
- e) *A garantía da coeducación na Comunidade Autónoma de Galicia dentro das súas competencias propias.*

Logo no Art.17.2 do citado decreto 2/2015 establece que *a Xunta de Galicia incluíra nos programas FPROFE, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero*, pero que en realidade podemos apreciar como ten aínda un escaso desenvolvemento, pero tamén hai que dicir que é mellorable a propia demanda do profesorado no interese por esta temática.

Un aspecto importante do citado Decreto Lexislativo 2/2015 é precisamente o relativo á ***Eradicación dos prexuízos nos centros educativos (Art.18)***, ou outras cuestións que se insiren nos artigos 19 a 21 como son ***Integración da igualdade na FP, Cuestións de xénero no eido da educación superior, a formación en igualdade de oportunidades***. Non é unha cuestión menor, o nivel de esixencia que podemos observar os citados artigos conforme se insire de seguido:

Non se admitirán, no centro docente, as desigualdades entre alumnos e alumnas sustentadas en crenzas, prexuízos, tradicións ou prácticas consuetudinarias transmisoras, directa ou indirectamente, dunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos ou dunha imaxe de dominación dun sexo sobre o outro en calquera ámbito da vida.

De forma directa, as docentes e os docentes non permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia que puidese existir no seo da comunidade escolar e, nomeadamente, entre nenos e nenas e adolescentes, aplicarán activamente principios pedagóxicos de respecto á identidade e á imaxe das mulleres. Con tales efectos, nos regulamentos internos dos centros educativos, deberán explicitarse as medidas de corrección ou sanción de comportamentos sexistas.

No desenvolvemento das súas competencias sobre deseño dos contidos dos títulos de FP, autorización, xestión e homologación dos centros formativos, programación e execución de actuacións concretas, IOP, avaliación da calidade e cantas outras poida asumir no marco da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da FP. *A Xunta de Galicia favorecerá a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes mediante actuacións tendentes a evitar calquera tipo de discriminación, a eliminar a segregación profesional horizontal e vertical e mais a eliminar a totalidade das desvantaxes de partida que afecten o colectivo das mulleres.*

A Xunta de Galicia fomentará, sen vulnerar o réxime de autonomía universitaria, a docencia, o estudo e a investigación das cuestións de xénero no ámbito da educación superior, e para estes efectos: a) Promoverase a creación de cátedras sobre cuestións de xénero nas facultades, escolas técnicas superiores e escolas universitarias; b) Potenciarase a realización de proxectos de estudo e investigación sobre cuestións de



xénero e/ou de proxectos de estudo e investigación nos cales se integre unha perspectiva de xénero.

A Xunta de Galicia, no seu ámbito de competencias, incentivará a formación de axentes e promotores/as de igualdade de mulleres e homes. Expedirá, polo menos no ámbito da educación non formal, acreditacións en materia de axentes e promotores/as de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes. Tamén se reflicte que a Administración autonómica impartirá cursos continuos de formación sobre a igualdade de xénero, principalmente dirixidos aos colectivos de educación, servizos sociais, persoal sanitario, persoal da Administración de xustiza e dos diversos corpos policiais, nos cales sempre estarán presentes contidos sobre a violencia contra as mulleres. En todos os plans de formación, organizados pola Administración autonómica para o seu persoal, existirá un módulo sobre a igualdade entre homes e mulleres.

**A igualdade e coeducación nos currículos das diferentes etapas educativas na Comunidade Autónoma de Galicia**, ten un desigual tratamento e mesmo unha certa reiteración de aspectos e intencionalidades máis ben xerais, xa que precisamente conforme se trata de currículos da etapa de ESO ou de Bacharelato e agás algún caso de materias concretas, podemos concluír que é máis ben escaso. De seguido insírense os aspectos máis saliantes do referido tratamento, especialmente nas etapas de Educación, Infantil e Educación Primaria, xa que logo, nas etapas de ESO e Bacharelato hai unha maior dispersión e hai que observalo materia a materia e mesmo para cada curso/nivel.

### **16.1.-Educación Infantil (Decreto 330/2009)**

*Art.3º.-Fins: 3. Potenciarase a transmisión daqueles valores que favorezan a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, o respecto, a xustiza, a prevención de conflitos e a súa resolución pacífica, a non-violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como o desenvolvemento da igualdade de dereitos e oportunidades e o fomento da igualdade entre homes e mulleres.*

Orientacións metodolóxicas do 1º ciclo (ambiente de aprendizaxe, materiais): *Cómpre ter especial coidado na selección e utilización dos materiais e dos espazos de cara a evitar desigualdades por razón de xénero e a transmisión de actitudes e comportamentos sexistas a través do currículo oculto.*

A individualización do traballo educativo: *-O persoal educativo da escola infantil ten que ofrecerlle a cada nena ou neno o que precisa para que, por medio desta*

*individualización da intervención, se consiga unha auténtica igualdade de oportunidades.*

*Competencia social e cidadá: Entre as habilidades desta competencia destacan coñecerse e valorarse, saber comunicarse en distintos contextos, expresar as propias ideas e escoitar as alleas, ser capaz de poñerse no lugar do outro e de comprender o seu punto de vista aínda que sexa diferente do propio, así como tomar decisións nos distintos niveis da vida comunitaria, valorando conxuntamente os intereses individuais e os do grupo. Ademais, implica a valoración das diferenzas á vez que o recoñecemento da igualdade de dereitos entre os diferentes colectivos, en particular, entre homes e mulleres.*

*Currículo do primeiro ciclo: Área: coñecemento de si mesmo e autonomía persoal. - Toma de conciencia progresiva do seu sexo, evitando a instalación prematura de estereotipos de xénero.*

*Área: coñecemento do contorno. Bloque 3. Cultura e vida en sociedade -Coñecementos diversos sobre algunhas profesións e servizos: ferramentas, vestuario e espazos onde desenvolven a súa actividade, sempre cunha perspectiva COEDUCATIVA e evitando estereotipos sexistas.*

*Criterios de avaliación: -Identifica as características do seu sexo e participa en xogos, actividades, etc. independentemente do xénero.*

*A relación co contorno. Un obxectivo de toda intervención educativa debe ser o de aspirar a unha escola libre de actitudes de discriminación por razón de sexo, raza, costumes, relixión ou limitacións físicas ou psíquicas.*

*Criterios de avaliación: -Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando positivamente a diversidade. Este criterio trata de avaliar se as nenas e os nenos son quen de manifestar respecto e aceptación polas características das demais persoas, sen discriminacións de ningún tipo e amosando actitudes de axuda e colaboración.*

## **16.2.-Educación Primaria (Decreto 105/2014)**

*A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.*

Artigo 3. Obxectivos da educación primaria: d) *Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.*

Artigo 11. Elementos transversais.

2. *A consellería competente en materia educativa fomentará a calidade, equidade e inclusión educativa das persoas con discapacidade, a igualdade de oportunidades e non-discriminación por razón de discapacidade, medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas, adaptacións curriculares, accesibilidade universal, deseño para todas as persoas, atención á diversidade e todas aquelas medidas que sexan necesarias para conseguir que o alumnado con discapacidade poida acceder a unha educación de calidade en igualdade de oportunidades.*

3. *Así mesmo, a consellería competente en materia educativa promoverá o desenvolvemento dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres e a prevención da violencia de xénero, e dos valores inherentes ao principio de igualdade*

A programación docente debe comprender, en todo caso, *a prevención da violencia de xénero, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.*

*Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.*

Artigo 16. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. 3. *A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerase polos principios de normalización e inclusión e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e permanencia no sistema educativo.*

No ámbito da Educación Primaria, hai materias que conteñen referencias específicas tanto a nivel de contidos como de criterios de avaliación e mesmo de estándares de aprendizaxe avaliáveis como é o caso de Ciencias da Natureza, Valores Sociais e Cívicos

### **16.3.-ESO e BAC (Decreto 86/2015)**

No que atinxe ás etapas de ESO e Bacharelato, si ben é necesario ver en cada materia e curso, determinados referencias específicas, tanto a nivel de contidos como de criterios

de avaliación e mesmo de estándares de aprendizaxe avaliáveis, que concretan de forma máis ou menos xeralizada e inclusive algo reiterativa, determinadas indicacións para logo seren desenvolvidas nas diferentes unidades didácticas, pero que pola súa vez, requiren dunha certa coordinación para evitar solapamentos nas intervencións por parte do profesorado dun mesmo centro.

Con independencia dunha posible análise máis pormenorizada do que establece no correspondente currículo de cada materia e nivel en ESO e Bacharelato, podemos referenciar algúns aspectos xerais que contempla en relación coa igualdade de xénero o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da ESO e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

*Preámbulo: A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, modificou en distintos aspectos a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, coa finalidade de desenvolver medidas que permitan seguir avanzando cara a un sistema educativo de calidade, inclusivo, que garanta a igualdade de oportunidades e faga efectiva a posibilidade de que cada alumno e alumna desenvolvan ao máximo as súas potencialidades.*

*Artigo 4. Elementos transversais*

*2. A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.*

*Do mesmo xeito, promoverá a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.*

*A programación docente debe abranguer en todo caso a prevención da violencia de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do Holocausto xudeu como feito histórico.*

*Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.*

*Artigo 7. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: 2. A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerese polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo.*

*Artigo 10. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria: A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:*

*a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.*

*c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.*

*d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.*

*Artigo 16. Tutoría e orientación: 4. A orientación educativa garantirá ao longo da etapa un axeitado asesoramento ao alumnado para favorecer a súa continuidade no sistema educativo ou, se for o caso, unha orientación profesional. En todo caso, a orientación educativa atenderá ao principio de igualdade entre homes e mulleres.*

*Artigo 26. Obxectivos: O bacharelato contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lle permitan: c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a*

*muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.*

As materias de ESO que conteñen un maior nivel de cara as intervencións a prol da igualdade de xénero podemos destacar as seguintes: Valores Éticos (1º a 4º de ESO), a propia materia de Libre Configuración Autonómica elixible polos centros “Igualdade de Xénero (1º ou 2º de ESO). Tamén se pode deducir algunha referencia en materias como Lingua Castelá e Literatura de 2º de ESO ou Economía de 4º de ESO, pero de forma indirecta.

No que atinxe ao Bacharelato, tamén ocorre o mesmo, xa que hai materias nas que se insiren contidos, criterios de avaliación e os correspondentes estándares de aprendizaxe avaliábeis pero con referencias xenéricas ou indirectas en boa medida, como ocorre por exemplo con Economía de 1º de Bacharelato, Ética e Filosofía do Dereito. 2º Bacharelato (LCA\_elix\_centros), Historia da Filosofía. 2º de bacharelato; Xeografía. 2º de bacharelato.

Finalmente, a nivel da formación profesional do sistema educativo, representa un salto cualitativamente importante o feito de dispoñer dun título específico de grao superior, que se denomina **Promoción da Igualdade de Xénero** e no que si podemos observar que pode representar un recurso específico de gran potencia no desenvolvemento de estratexias de promoción da igualdade pero tamén de cara os apoios e orientacións a colectivos que están levando a cabo Plans de Igualdade, tanto desde o traballo dos centros educativos como especialmente, desde diversas institucións como poden ser os Concellos, etc. O referido currículo figura publicado na páxina web da Consellería <[www.edu.xunta.es/fp/borradores](http://www.edu.xunta.es/fp/borradores)> como *Proxecto do Decreto\_\_\_, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao superior correspondente ao título de técnico superior en Promoción de Igualdade de Xénero, xa en fase definitiva para saír publicado no DOG*, pero que neste momento, representa un factor clave, a nivel de formación pero tamén de cara ir ampliando as sensibilidades e coñecemento de causa para traballar adecuadamente as cuestións relativas á perspectiva transversal pero especializada a prol da igualdade efectiva entre homes e mulleres, na propia Comunidade Autónoma de Galicia, en tanto que o dito ciclo formativo xa está implantado e cunha importante demanda, nun centro de Pontevedra, cuxa primeira promoción sairá no 2018-19.

## 17.-CONCLUSIONES

1. A cuestión da igualdade de xénero é unha cuestión de educación, porque o xénero se aprende a través dun proceso de socialización e a través da cultura, e pola súa vez, é un proceso de educación que empeza na familia, na casa, pero que continúa na comunidade e se reforza cada día na escola, nos lugares de lecer, ou nos que interactuamos, etc.
2. O compromiso coa igualdade de oportunidades e de xénero, por parte dos centros educativos en todos os niveis/etapas, é absolutamente imprescindible, si realmente queremos promover a construción dun novo modelo formativo capaz de abranguer por igual o feminino e o masculino.
3. O camiño para avanzar cara á igualdade é a educación e o respecto, a liberdade e a igualdade en tanto que son tres dos piares básicos que desde as aulas e os diferentes espazos e ámbitos de ensino-aprendizaxe dos centros, podemos e debemos, ensinalles aos alumnos e alumnas, de cara ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuízos e estereotipos.
4. A equidade e a igualdade son sempre unha cuestión que compete á educación, polo que os valores de xustiza con base no recoñecemento da diferenza ou considerar, valorar e atender intereses e necesidades específicas de mulleres e homes, en tanto que perspectiva da equidade, e pola outra, os dereitos e oportunidades, xunto coas liberdade para desenvolver habilidades persoais e elixir, en tanto que igualdade, deben presidir todo principio ou acto da educación e das institucións do ensino.
5. É moi necesaria unha adecuada coordinación do profesorado, tanto a nivel de centro como intercentros, etc, tendo como referencia un plan de acción en materia de igualdade viable, actualizado e con clara vocación de mellora continua, xunto coa cooperación a diferentes niveis e mesmo, con outros contornos educativos, aplicando programas específicos dirixidos a fomentar o coñecemento e a difusión do principio da coeducación e a igualdade efectiva entre os membros das comunidades educativas e mesmo, enmarcada nunha escola inclusiva e que potencia a atención á diversidade debidamente entendida e xestionada.
6. Cando os alumnos e alumnas teñen iguais oportunidades de acceso aos diferentes xogos e xoguetes existentes sen a influencia de persoas adultas, obsérvase que ambos sexos seleccionan en xeral, os mesmos xoguetes nas idades máis temperás e que so a partires da idade preescolar, basicamente polo reforzamento educativo e social, comezan a observarse maiores diferenzas. Entón, o realmente importante

entón non é definir os xoguetes para nenos e nenas, senón a súa relación coa esfera afectivo□motivacional e as particularidades físicas e motoras.

7. As persoas docentes, deberían modificar a forma de facer e de traballar para lograr persoas autónomas, capaces de tomar decisións e de participar activamente na vida profesional e social en plena igualdade.
8. Tanto a persoa que se designa polo Consello Escolar de cada centro educativo para impulsar as medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres, como os membros que conforman a comisión de convivencia, deberían estar dotados de maior capacidade e competencias para desenvolver esta tarefa e de cara salvar certos obstáculos e resistencias ou actuacións pasivas que se producen no día a día dos centros, etc.
9. Debe realizarse de forma permanente unha revisión crítica dos contidos escolares xunto cos materiais didácticos empregados ou ofertados no mercado de xeito que se efectúen medidas para poñer de manifesto estas anomalías e mesmo exercer a necesaria presión para que estes fomenten claramente unha educación non sexista, igualdade de oportunidades, etc.
10. Numerosas investigacións sobre sobredotación están de acordo con que os valores cognitivos entre nenos e nenas varían, porque as súas experiencias de socialización son moi distintas, sendo o modelo explicativo máis razoable é o referido ás presións de socialización de pais/nais, profesorado, amizades,..., que fan que o/a neno/a en desenvolvemento adopte as condutas apropiadas ou que elabore as máis axustadas ao seu rol sexual. Entón é necesario, e necesario intervir sobre as causas desde o propio ámbito educativo.
11. O contorno educativo (a escola) brinda a posibilidade de cuestionar o rol de xénero asignado, polo que mediante a aplicación do enfoque de xénero no ámbito da educación poderá facerse posible as relacións entre sexos a fin de contribuír a superar as desigualdades existentes.
12. Un dos problemas no ámbito educativo é que fronte ao curriculum explícito que se desenvolve nas escolas, existe outro de carácter oculto que actúa de xeito eficaz no proceso de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas e, que dúbida cabe, aínda que neste aspecto non se insistiu suficientemente, por parte do profesorado pero tamén desde os aspectos da xestión e organización dos centros.
13. Tanto o *I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia*, no que interesa tanto o marco conceptual como o marco legal no que se sustenta,



xunto co establecido no *Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro*, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e o *VII Plan Estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes 2017-2020 (marzo de 2017)*, constitúen as referencias clave para o traballo a desenvolve nos centros educativos a prol das melloras da igualdade de xénero efectiva entre homes e mulleres e mesmo no que atinxe ás medidas de prevención da violencia de xénero. E todo ilo contextualizado e enmarcado na normativa e plans de convivencia de cada centro.

14. Os compromisos que poden e deben adquirir os centros educativos en relación coa igualdade, os podemos fixar en base a determinadas prioridades, xunto coas iniciativas para desenvolver os principios da coeducación, a prevención da violencia de xénero e en xeral, medidas para proporcionar ao alumnado unha formación para a igualdade. Os referidos compromisos poden formularse desde prioridades que debe adoptar o profesorado en relación coa igualdade, iniciativas a desenvolver en todo o centro en materia coeducativa, e medidas específicas para contribuir a evitar a violencia escolar desde a coeducación e en xeral, medidas conducentes a lles proporcionar, tanto ás alumnas como ós alumnos, unha educación para a igualdade, desde actuacións estratéxicas, coordinadas e avaliadas.
15. Os plans de igualdade dos centros educativos, deben formularse e desenvolverse cunha clara vocación de lograr obxectivos como: sensibilizar e promover unha cultura non discriminatoria; facer visibles os desequilibrios existentes entre sexos (as normas, costumes e estereotipos excluíntes); dispor de accións correctoras; reducir as desigualdades entre mulleres e homes; identificar instrumentos de medición da evolución das desigualdades.
16. Faise necesaria unha labor concienzuda, constante, militante e reflexiva do profesorado con accións estratéxicas en cada un dos ámbitos educativos para desmontar clichés, que aínda se dan en moitas ocasións, entre o alumnado, pero tamén entre quen comparten claustro.
17. A proposta pedagóxica debe estar fundamentada en que a formación e a educación se imparten en condicións de igualdade para ambos sexos e na que non se poñen límites ás aprendizaxes a recibir por cada un deles. **garantir a accesibilidade universal, o deseño para todos e todas, a inclusión.** Hai que partir tamén de que o **concepto de coeducación é dinámico e flexible** e polo tanto, así deben ser tamén as actividades no seu desenvolvemento na aula e en xeral todas as que se promoven

no conxunto do centro, ben sexa de forma transversal ou específicas nun ámbito ou obxectivo concreto.

18. Debemos, valorar e avaliar as actividades e producións do alumnado que implican compromisos e melloras no desenvolvemento das prácticas coeducadoras na aula e en cada materia e tamén avaliar os progresos, os cambios e impacto que se produce tanto a nivel de centro como en particular das actividades con finalidade coeducadora, facendo partícipe ao propio alumnado.
19. É moi importante considerar a teoría Doing Gender, en tanto que comparte coa teoría Sociocultural iniciada por Vygotsky, a idea de que *unha persoa constrúe a realidade a través da interacción co contexto. A internalización, a apropiación e a privilexiación son constructos clave no estudo das actitudes do profesorado cara á igualdade de xénero, xa que o xénero nace produto de interaccións sociais, encamiñadas á produción da orde social de xénero* e pola súa vez, nos informa da *capacidade de sinalar que as microopresións constitúen a experiencia diaria das discriminacións sexistas e sosteñen a estrutura social que as perpetúa.*
20. Para valorar o nivel de intervención que se establece no currículo regulador da práctica docente, resulta necesario, centrar a busca e localización nos currículos das diferentes etapas educativas e materias/curso/área, e especialmente na procura dos seguintes termos/expresións como: igualdade de oportunidades, igualdade efectiva.. igualdade real .. igualdade entre... non discriminación, coeducación, equidade/inclusión, etc. Da dita análise realizada, conclúese que -si ben é desigual en cada etapa-, agás nun escaso nº de materias como “**Valores éticos e cívicos**” na ESO ou mesmo na propia materia de Libre Configuración Autónoma elixible polos centros “**Igualdade de Xénero**” (1º ou 2º de ESO). e por descontado, no currículo do ciclo de grao superior de FP “**Promoción da Igualdade de Xénero**”. No que atinxe ao Bacharelato, en certo modo, ocorre o mesmo, xa que hai materias nas que se insiren contidos, criterios de avaliación e os correspondentes estándares de aprendizaxe avaliábeis pero con referencias xenéricas ou indirectas en boa medida, como por exemplo con Economía de 1º de Bacharelato, Ética e Filosofía do Dereito. 2º Bacharelato (LCA\_elix\_centros), Hª da Filosofía. 2º de bacharelato; Xeografía. 2º de bacharelato. Nos demais casos o tratamento e requirimentos son máis ben xerais e mesmo reiterados, pero que precisamente o concepto e estilo educativo relativo á coeducación ou non se menciona ou é moi esporádico, polo que a solución a día de hoxe non está tanto nos currículos do sistema educativo,

como desde actividades transversais, complementarias e extraescolares ou mesmo, desde accións específicas do plan de convivencia de cada centro.

21. **Como estratexia xeral**, conclúese que asumindo que a cuestión de igualdade é basicamente unha cuestión de educación e que esta compete en gran medida aos centros e institucións de ensino, si se quere mellorar de forma efectiva a sensibilidade, interese e a efectividade das medidas a prol da igualdade entre homes e mulleres, debemos propiciar un ambiente previo de compromiso e logo un enfoque en positivo coa participación tamén efectiva e sentida de todos os membros e colectivos que conforman a comunidade educativa. Pola súa vez, os proxectos han de ter necesariamente, unha clara vocación de continuidade, evitando que os seus eixes centrais e básicos sexan intermitentes, puntuais, esporádicos ou que dependan unicamente de voluntarismos illados, intereses inadecuados. O obxectivo e principios que xustifican a necesidade de traballar en serio as cuestións de igualdade efectiva nun centro, deben estar suficientemente asumidos e mesmo debidamente interiorizados previamente.

## 18.-BIBLIOGRAFÍA

- AHIGE (Asociación de hombres por la Igualdad de género). *Manifiesto por el desarrollo de políticas de igualdad dirigidas a hombres* <[www.ahige.org](http://www.ahige.org)>>.
- AMPARO TOMÉ. *Diagnóstico del centro educativo en materia de igualdad entre hombres y mujeres*.
- ANA SÁNCHEZ BELLO. *Coeducación. La alternativa escolar al sexismo* (2007)
- ANGUITA, R. Y TORREGO, L. (2009). Género, Educación y formación del profesorado. Retos y posibilidades. *Revista Interuniversitaria de Formación del Profesorado*, 64 (1), 17-25.
- BONAL, XAVIER Y TOMÉ, AMPARO. *Metodologías y recursos de intervención. Coeducación, igualdad de oportunidades, investigación-acción, materiales curriculares, práctica pedagógica*. Cuadernos de Pedagogía / N.º 245 / Marzo
- C. MAÑAS VIEJO; A. MARTÍNEZ SANZ; N. MONTESINOS SÁNCHEZ; M. ESQUEMBRE VALDÉS Y R. GILAR CORBÍ. *Análisis de la percepción de la coeducación en las especialidades Infantil y Primaria en la Universidad de Alicante*. Departamento Psicología Evolutiva y Didáctica y Centro de Estudios sobre la Mujer. Universidad Alicante. VIII Jornadas Redes 2010 de la U.A.

- CAMPS, V. (1994): Os valores da educación. Anaya. Madrid.
- CORTINA, A. (1996): Ética para unha sociedade civil. Alauda/Anaya. Madrid.
- DEL POZO, ANA ALONSO. *El Plan de Igualdad integrado en el Proyecto Educativo de Centro* (Almería, octubre 2010)
- DORA I. MUNÉVAR Y MARTA L. VILLASEÑOR. *Transversalidad de género. una estrategia para el uso político-educativo de sus saberes*. La Ventana, núm . 21 / 2005
- DUARTE BLANCO, M.<sup>a</sup> MAGDALENA (Inspectora de Educación). *A educación en España. Unha mirada retrospectiva. Percorrido pola historia da educación en España desde finais do Antigo Réxime ata hoxe*. Investigación (EDUGA, 05/09/2012).
- ESPINOSA BAYAL, M<sup>a</sup> ANGELES. Profesora de Psicología Evolutiva y de la Educación Universidad Autónoma de Madrid (UAM). *La construcción del género desde el ámbito educativo: una estrategia preventiva*.
- ETKIN, J.R. (1993): A dobre moral das organizacións. Os sistemas perversos e a corrupción institucionalizada. McGraw-Hill. Madrid.
- FEMINARIO DE ALICANTE. *Elementos para una educación no sexista: guía didáctica de la coeducación*. Guía didáctica de la Coeducación.
- FERNÁNDEZ-GARCÍA, E., Y PIEDRA, J. (2010). Efecto de una formación coeducativa sobre las actitudes hacia la igualdad en el futuro profesorado de Educación Primaria. *Cultura, Ciencia y Deporte*, 15, 151-158.
- FERNANDO HERRAIZ GARCÍA, FERNANDO. *Educación artística y estudios de la masculinidad. Desde la investigación sobre chicos y hombres hacia 'el estudio con chicos y chicas en torno a las masculinidades*. Facultad de Bellas Artes, Universidad de Barcelona. (2010)
- GARCÍA PERALES, R.: “La educación desde la perspectiva de género”, en *ENSAYOS, Revista de la Facultad de Educación de Albacete*, N° 27, 2012. (Enlace web: <http://revistas.uclm.es/index.php/ensayos> □ Consultada en fecha (27/10/2017)
- LÓPEZ-NAVAJAS, ANA. Secretaría General Técnica. Centro de Publicaciones. Ministerio de Educación, Cultura y Deporte. *Análisis de la ausencia de las mujeres en los manuales de la ESO: una genealogía de conocimiento ocultada*. **Fuente:** Revista de educación n° 363, enero-abril 2014, pp. 282-308 <<<https://sede.educacion.gob.es/publivena/detalle.action?cod=16223>>>
- MARIÑA, J. A. e DA VÁLGOMA, M. (2000): A loita pola dignidad. Ed. Anagrama. Madrid.

MARRERO, ADRIANA. La escuela transformadora. Evidencias sobre las relaciones entre educación y género. Una propuesta teórica de interpretación. *Papers* 90, 2008 191-211

MONEREO ATIENZA, CRISTINA. *Igualdad De Género, Capacidades Humanas y Derechos Fundamentales*. Área De Filosofía Del Derecho. Universidad De Málaga

NAVARRO GARCÍA-SUELTO, M<sup>a</sup> CARMEN. *Enseñanza coeducativa en el sistema educativo español: ¿cómo trabajar la coeducación en la sociedad de la información?. Desarrollo de una unidad didáctica basada en NTIC sobre coeducación para fomentar la igualdad como valor social*. UNED. Febrero 2012

PARLAMENTO EUROPEO, Resolución de 26 de noviembre de 2009, sobre la eliminación de la violencia contra la mujer P7\_TA(2009)0098. (2010/C 285 E/07)

PIEDRA, J., GARCÍA-PÉREZ, R., REBOLLO, M.A. Y RIES, F. (2011). Actitudes hacia la coeducación en Andalucía ¿Es el profesorado de Educación Física diferente? *Revista de Investigación en Educación*, 9 (2), 200-208.

PIEDRA, J.; GARCÍA-PÉREZ, R.; FERNÁNDEZ-GARCÍA, E. Y REBOLLO, M.A. (2014). Brecha de género en educación física: actitudes del profesorado hacia la igualdad / Gender gap in physical education: teachers' attitudes towards equality. *Revista Internacional de Medicina y Ciencias de la Actividad Física y el Deporte* vol. 14 (53) pp. 1-21. [Http://cdeporte.rediris.es/revista/revista53/artbrecha438.htm](http://cdeporte.rediris.es/revista/revista53/artbrecha438.htm)

REBOLLO, M.A., GARCÍA-PÉREZ, R., PIEDRA, J. Y VEGA, L. (2011). Diagnóstico de la cultura de género en educación: actitudes del profesorado hacia la igualdad. *Revista de Educación*, 355, 521-546.

ROMEIRO, E. (1998): *Valores para vivir*. Editorial CCS. Madrid.

ROSA TORRES, M<sup>a</sup> AMPARO. *Estrategias educativas para evitar la discriminación de Género, Escuela Infantil "El Molí" de Paterna*. Compartim (Revista de formació del profesorat, (RFP N.4 (2009) | ISSN 1887-6250 Octubre 2009)

SAINZ PELAYO, SOFÍA. *¿Cómo coeducar en la escuela? Análisis de materiales de aula para el tratamiento de la igualdad de género*. Universidad de Cantabria. Facultad de Educación. 27 de junio de 2013.

SANTOS GUERRA, M. A. (1994): *Entre batedores. O lado oculto da organização escolar*. Ed. Alxibe. Archidona.

SANTOS GUERRA, M. A. (1995): *Democracia escolar ou o problema da neve frita. En Volver pensar a educación*. Tomo II. Ed. Morata. Madrid.

- SANTOS GUERRA, M. A. (2000): *A escola que aprende*. Ed. Morata. Madrid.
- SANTOS GUERRA, M. A. e outros (2000): *O harén pedagógico. Perspectiva de xénero na organización escolar*. Ed. Graò. Barcelona.
- SUBIRATS, M., TOMÉ, A. (2007): *Balones fuera. Reconstruir los espacios desde la coeducación*. Barcelona. Octaedro.
- SUBIRATS, M. I MARTORI. *Repensando la coeducación en tiempos difíciles* (2011)
- TORRES, J. (1996): *O currículo oculto*. Ed. Morata. Madrid.
- TUVILLA RAYO. JOSÉ. *La convivencia escolar desde la perspectiva de género*
- VINEGAS. MAR. *La igualdad de género en la escuela*. Univ. de Granada. Revista de la Asociación de Sociología de la Educación | www.ase.es/rase | vol.3, núm. 3, p. 388
- VV.AA (INÉS C. IGLESIAS CANLE, JOSÉ AGUSTÍN GONZÁLEZ-ARES FERNÁNDEZ, MARÍA VICTORIA ÁLVAREZ BUJÁN. *El principio de igualdad desde un enfoque pluridisciplinar. Prevención y represión de la violencia de género*. Editorial Tirant lo Blanch. Valencia, 2016
- VV.AA (RAFAEL GARCÍA PÉREZ, CARLOS QUIÑONES DELGADO Y MANUEL JESÚS ESPIGARES PINAZO). *La organización escolar coeducativa. indicadores de género y colaboración de los centros en planes de igualdad*. Universidad de Sevilla. ISSN 1989-639X (edición electrónica). VOL. 17, Nº 1 (enero-abril. 2013)
- XUNTA DE GALICIA. *Guía para a xestión de proxectos coeducativos* (2009)
- XUNTA DE GALICIA. *O centro educativo. Un espacio para a igualdade entre nenas e nenos*.
- XUNTA DE GALICIA. Proxecto ELAS. *Guía de elaboración e avaliación de plans de igualdade*. (2001)
- YUS RAMOS, R. (2001): *Que se ensina na escola hoxe?*